

VILAGARCÍA DE AROUSA

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión celebrada o día trinta de abril de dous mil doce, acordou aprobar con carácter inicial a Ordenanza Municipal de Circulación.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, estivo exposta ao público polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 94, de data 16 de maio de 2012.

No período de exposición ó público presentáronse as seguintes reclamacións:

- D. Carlos Camiño Barreiro, en representación do colectivo cidadá “Queixémonos do Concello”
- D. Juan Manuel Fajardo Recouso e D. Ramón Bueno Piñeiro, en nome e representación do Grupo Municipal de Esquerda Unida.
- D. Gerardo Antonio Sánchez Villalba, como Presidente da Comunidade de Propietarios Rúa Castelao 17-19 garaxes,
- Dona Tania García Sanmartín, en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.

Na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 27 de agosto de 2012 aprobouse definitivamente a Ordenanza Municipal de Circulación, polo que se fai público o texto da mesma, do teor literal seguinte:

PREÁMBULO

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que a ordenanza de tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas así como o transporte público de viaxeiros, serán competencia das Entidades Locais, as cales, a exercerán dentro do límite establecido pola lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas.

O texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobada por Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, coas súas sucesivas modificacións e as súas disposicións complementarias, confiren aos concellos a competencia para a ordenación e o control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como para a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra administración.

Tamén de conformidade coa Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, o municipio é competente para a regulación, mediante unha Ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e o uso peonil das rúas, e sempre dentro do marco das disposicións legais vixentes sobre esta materia.

Finalmente, o Regulamento Xeral de Circulación aprobado polo Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, dispón que o réxime de parada e estacionamento en vías urbanas se regulará por Ordenanza municipal e poderán adoptarse as medidas necesarias para evitar o entorpecemento do tráfico, entre elas, limitacións horarias de duración de estacionamento así como as medidas correctoras precisas, incluída a retirada de vehículo ou a súa inmovilización cando non se teña provisto do título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida ata que se logre a identificación do condutor.

Por todo elo, e dentro do marco urbano da mobilidade sostible, segura e saudables, e debido á complexidade crecente do aumento do tráfico rodado xunto coa necesidade de compartir o territorio entre todos os modos de transporte na cidade e facelo dunha forma sostible, se fai necesario incorporar as novidades normativas neste campo e adaptar estas disposicións de carácter xeral ás peculiares condicións da nosa cidade en pleno século XXI, dando un contido eminentemente e urbano e pensando nas persoas e nunha mobilidade sostible que mellore a circulación de vehículos e peóns, prestando especial atención ás persoas con mobilidade reducida, o transporte público, á marcha a pe, e uso da bicicleta e outros elementos mecánicos sen motor, así como as áreas da cidade con velocidade limitada e as zonas de baixa emisión.

TÍTULO PRELIMINAR
OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN - FUNCIÓNS DA POLICÍA LOCAL

ARTIGO 1

A presente ordenanza dítase en virtude das competencias atribuídas aos municipios en materia de ordenación do tráfico de persoas e vehículos nas vías urbanas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como polo texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria aprobado por Real Decreto Lexislativo 339/1990 do 2 de marzo, cuxo obxecto se expresa no artigo seguinte.

Naquelas materias non reguladas expresamente pola ordenanza ou que regule a autoridade municipal en virtude desta, aplicarase o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, e os seus regulamentos de desenvolvemento.

ARTIGO 2

Esta ordenanza ten por obxecto, dentro do termo municipal de Vilagarcía de Arousa:

1. Regular a circulación de todo tipo de vehículos e peóns.
2. Compatibilizar a necesaria fluidez do tráfico co uso peonil das rúas, e regular a realización doutros usos e actividades que afecten á circulación viaria, para preservar e fomentar a seguridade viaria e a prevención de accidentes.
3. A equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios, establecer medidas de estacionamento de duración limitada, co fin de garantir a rotación dos mesmos, e prestar especial atención ás necesidades das persoas con mobilidade reducida, co fin de favorecer a súa integración social.

ARTIGO 3

Os preceptos desta ordenanza e dos seus anexos serán aplicables en todo o termo municipal de Vilagarcía de Arousa, e obrigarán aos titulares e usuarios das vías e terreos públicos aptos para a circulación tanto urbanos, como interurbanos, cando a competencia fora cedida ao Concello de Vilagarcía de Arousa, aos das vías e terreos que, sen ter tal aptitude, sexan de uso común e, en defecto doutras normas, aos das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Non será de aplicación a presente ordenanza aos camiños, terreos, garaxes, cocheiras ou outros locais de similar natureza, construídos dentro de terreos privados, subtraídos ao uso público e destinados ao uso exclusivo de determinados usuarios.

Naquelas materias non reguladas expresamente por esta Ordenanza, aplicarase o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, as súas posteriores modificacións e regulamentos de desenvolvemento.

ARTIGO 4

Corresponde á Policía Local de Vilagarcía de Arousa, en materia obxecto da presente ordenanza, as seguintes funcións:

- a. A ordenación e sinalización eventual do tráfico, así como a súa dirección, de conformidade co establecido no artigo 53 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, así como a instrución de atestados por accidente de circulación nas vías nas que se aplica esta ordenanza.
- b. Regular a circulación de vehículos e peóns. Por razóns de seguridade, ou para garantir a fluidez da circulación, poderá eventualmente, modificar a ordenación do tráfico nos lugares onde se produzan concentracións de persoas ou vehículos e tamén en casos de emerxencias. Con este

- fin procederá á colocación ou retirada da sinalización provisional que estime pertinente, así como á adopción das medidas preventivas oportunas.
- c. Formular as denuncias por infraccións que se cometan contra a presente ordenanza, ou texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo e demais disposicións complementarias, de acordo coa normativa vixente e coas disposicións que diten os órganos e as autoridades con competencias en materia de tráfico, así como a inmovilización, retirada da vía e depósito dos vehículos, conforme ó establecido legalmente.
 - d. A realización das probas regulamentariamente establecidas, para determinar o grao de intoxicación alcohólica, ou por estupefacientes, psicotrópicos ou estimulantes, dos condutores que circulen polas vías da súa competencia.
 - e. Xestión administrativa do Depósito Municipal de Vehículos.
 - f. Tramitación dos expedientes de vehículos abandonados nas vías públicas do termo municipal.
 - g. Xestión e emisión das tarxetas de residentes, así como a comprobación de que os seus titulares manteñan as circunstancias e requisitos necesarios, é en caso contrario propoñer a súa anulación.
 - h. Xestión e emisión das tarxetas de persoas con discapacidade, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, das do persoal sanitario, así como das tarxetas de estacionamento ás que se refiren os artigos 61 e 64 desta ordenanza.
 - i. Exercitar as funcións de policía xudicial segundo o establecido na lexislación vixente.
 - j. Policía administrativa no relativo a esta ordenanza.

ARTIGO 5

O Concello de Vilagarcía de Arousa poderá encomendar a vixilancia do tráfico e control do estacionamento a auxiliares de Policía Local.

Cando estes observen infraccións nas que proceda a inmovilización ou retirada de vehículos da vía, requirirán a presenza dos axentes da Policía Local para que por estes se proceda á adopción, no seu caso, das medidas provisionais que procedan.

**TÍTULO I
DA CIRCULACIÓN E ORDENACIÓN DO TRÁFICO**

CAPÍTULO 1.—NORMAS XERAIS

ARTIGO 6.—USUARIOS

1. En favor do interese xeral e para unha correcta convivencia cidadá, todos os usuarios da vía están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas, ou danos aos bens.
2. Deberase conducir coa dilixencia e precaución necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non poñer en perigo, tanto o mesmo condutor coma os demais ocupantes do vehículo e o resto dos usuarios da vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente ou temerario.

ARTIGO 7

1. Prohíbese a colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxecto que poida dificultar a circulación de peóns ou vehículos, causar riscos aos mesmos, ou deteriorar a vía ou as súas instalacións.

Con carácter xeral, calquera actividade que leve aparelhada a ocupación da vía pública ou supoña un uso especial ou restrinxido da mesma, tales como: probas deportivas, cortexos,

subministros de combustible, situación de colectores de obra, mudanzas, operacións de carga ou descarga, ou outras calquera, análogas aos supostos mencionados, quedando excluídas aquelas como manifestacións ou reunións cuxa celebración require de forma exclusiva a notificación á Delegación do Goberno, requirirá autorización expresa do Concello, que será sometido a informe da Policía Local, ademais doutros que se consideren necesarios.

A autorización referida no parágrafo anterior conterá as condicións da ocupación ou uso, a súa duración, horario, itinerarios no seu caso, medidas de precaución e demais medidas a adoptar como consecuencia da actividade a realizar. Esta autorización deberase solicitar coa antelación mínima que se determine nesta ordenanza, para cada caso, salvo que o seu trámite estea regulado legalmente doutro xeito. Se como consecuencia da ocupación ou uso, se orixinase un entorpecemento grave na circulación, a Policía Local determinará as medidas de sinalización ou de presenza física necesarias para diminuír ao máximo os seus efectos.

2. Quen coloque sobre a vía algún obstáculo ou perigo, deberá facelo desaparecer o antes posible, adoptando no entanto as medidas precisas para que poida ser advertido polos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación. Nos casos de accidentes de circulación, os implicados teñen ademais a obriga de dar coñecemento á Policía Local.
3. O solicitante da autorización ten a obriga de que, todo obstáculo autorizado que dificulte a libre circulación de peóns ou vehículos, deberá estar debidamente protexido, sinalizado e, en horas nocturnas, debidamente iluminado segundo a normativa vixente ao respecto, para garantir a seguridade dos usuarios. A autorización para a ocupación da vía pública nestes casos, deberase solicitar cun mínimo de 7 días antes da ocupación.
4. Cando a ocupación á que se refiren os puntos anteriores supoña o peche da rúa ó tráfico rodado, ou desvíos de importantes correntes de tráfico, a solicitude deberá presentarse cun mínimo de 10 días.
5. As autorizacións ás que se refire este artigo estarán sometidas as taxas que se fixen nas respectivas ordenanzas fiscais vixentes.

ARTIGO 8

1. Requirirán comunicación á Policía Local, as actuacións ou convocatorias que poidan xerar aglomeracións de público para o acceso a recintos, susceptibles de alterar o tránsito de peóns ou de vehículos. Tales actos serán revogables no acto polos axentes da autoridade si se detectasen molestias graves ou riscos para os convocados ou para terceiros. Os preceptos deste artigo non serán de aplicación aos actos regulados pola Lei Orgánica 9/1983 de 25 de xullo Reguladora do Dereito de Reunión.

NOTA: No artigo 32 xa queda claro que “Os preceptos deste Título non serán de aplicación, ós actos regulados pola Lei Orgánica 9/1983 de 25 de xullo, Reguladora do Dereito de Reunión”

2. As colas para o acceso a calquera recinto ou servizo deberán formarse de xeito que non impidan a normal circulación pola vía pública, sen invadir a calzada e deixando libre os accesos a vivendas e comercios. Os responsables da actividade que xere a cola deberán dispoñer do necesario servizo de orde para previr incidentes ou molestias aos demais usuarios da vía. En caso necesario disporán de elementos móbiles temporais que permitan a realización de filas ordenadas e que serán retiradas unha vez finalice o evento.
3. A práctica de xogos ou diversións nas vías públicas está sometida ao principio xeral de respecto aos demais, e, en especial, da súa seguridade e tranquilidade así como ao feito de que non ocasionen danos á vía pública, mobiliario urbano ou instalacións, tanto públicos como privados.
4. Por motivos de seguridade viaria e de limpeza, a ningún sinal de tráfico ou mobiliario urbano se poderá fixar propaganda, panfletos, adhesivos, folletos etc., agás nos espazos autorizados ao efecto e nos casos autorizados pola Alcaldía, ou Xunta de Goberno Local, no seu caso. Entenderase responsable á persoa que se anuncie e no seu caso o responsable legal desta.

5. Con carácter xeral queda expresamente prohibido en todo o termo municipal a ocupación do dominio público para acampar mediante a montaxe ou establecemento de tendas de campaña, caravanas, remolques, roulottes e calquera outra clase de sistema fixo ou portátil de análogas características ou susceptible de ser utilizado para os devanditos fins. Queda incluído dentro desta prohibición o estacionamento de calquera tipo de vehículos que presenten síntomas de permanencia habitada na vía pública, durante máis de 48 horas.
6. Queda prohibido o estacionamento nas vías urbanas de remolques ou similares con fins publicitarios, agás que dispoñan da correspondente autorización municipal.

Por parte da autoridade municipal poderase proceder á retirada de obstáculos a circulación, despois da comunicación ao interesado e cos gastos a cargo do mesmo, cando este non adopte as medidas necesarias, e nos seguintes casos:

- Cando non se obtivera a correspondente autorización.
- Extinguidas as circunstancias que motivaron a colocación do obstáculo ou obxecto.
- Cando sexa sobrepasado o prazo da autorización correspondente ou non se cumpran as condicións fixadas nesta.

Se o obstáculo crease unha molestia, un atranco, ou un perigo grave, os axentes da Policía Local poderán proceder, coa colaboración dos servizos municipais de Obras e Emerxencias, á retirada do mesmo, despois do requirimento ao responsable cando estea no lugar, ou será informado posteriormente se non o estivese, en todo caso, informarse á Alcaldía do actuado de forma inmediata.

CAPÍTULO 2.—SINALIZACIÓN

ARTIGO 9

1. Os sinais preceptivos colocados ás entradas da poboación, rexen para todo o Concello, agás que haxa sinalización específica para un tramo de rúa.
2. Os sinais que estean nas entradas das illas de peóns ou zonas de circulación restrinxida rexen en xeral para todos os seus respectivos perímetros.
3. Os sinais dos axentes da Policía Local prevalecen sobre calquera outro.

ARTIGO 10

1. Non se poderá colocar nin retirar ningún sinal sen a previa autorización da Alcaldía, Concelleiro/a Delegado/a ou, no seu caso, da Xunta de Goberno Local. Os proxectos de ordenación do tráfico serán valorados polos técnicos competentes de urbanismo deste concello, e no seu caso, solicitarase informe da Policía Local.

Os sinais e letreiros informativos ou publicitarios colocados sen autorización, deteriorados ou que perderan a súa vixencia, serán inmediatamente retirados por quen os colocara cando sexan requiridos para iso, ou en caso contrario, polos servizos municipais, á súa conta.

2. Só se poderán autorizar os sinais informativos que, a criterio da autoridade municipal, teñan un auténtico interese público.
3. Non se permitirá a colocación de publicidade sobre os sinais ou xunto a eles. A colocación dos rótulos publicitarios estará sometido a informe da Policía Local e autorización da Xerencia Municipal de urbanismo, e versarán sobre a súa necesidade, efectividade, á forma e características estéticas en relación coa súa situación e a zona urbano u rural que afecte, así como, de ser procedente, o lugar axeitado para a súa colocación.
4. Prohíbese a colocación de toldos, carteis, anuncios e instalacións en xeral que ceguen, impidan ou limiten a todos os usuarios, a normal visibilidade de semáforos e sinais, que non obstrúan ou causen risco para a circulación de vehículos ou peóns, ou poidan distraer a súa atención. A súa colocación será sometida a informe da Policía Local e posterior autorización da Alcaldía, ou, no seu caso da Xunta de Goberno Local.

5. Prohíbese deteriorar, trasladar, ocultar ou modificar de calquera xeito os sinais de circulación. Procurase evitar na medida do posible a utilización de sinalización vertical naquelas zonas nas que poidan dificultar a mobilidade de vehículos e persoas.
6. A Xunta de Goberno Local poderá concertar a adxudicación de toda a publicidade que se coloque nas vías urbanas, fixando as súas características técnicas e estáticas, así como as condicións de mantemento e a contratación da cobertura de responsabilidade civil sobre as mesmas. A publicidade exterior deberá ser regulada a través dunha Ordenanza Municipal de Publicidade.

CAPÍTULO 3.—LIMITACIÓNS

ARTIGO 11

1. Os vehículos con masa máxima autorizada (MMA) superior a 12 toneladas teñen prohibida a circulación e o estacionamento polas rúas urbanas de Vilagarcía de Arousa. Exceptúanse os vehículos de servizos municipais, os autobuses de transporte colectivo urbano, escolar e de menores e os de uso discrecional.
2. En casos excepcionais poderase autorizar a circulación de vehículos con MMA superior a establecida no parágrafo anterior, nos seguintes horarios: de 09:30 a 11:30 horas; de 15:00 a 18:00 horas e de 22:00 a 08:00 horas.

CAPÍTULO 4.—VELOCIDADE

ARTIGO 12

1. O límite máximo de velocidade á que poderán circular os vehículos por vías urbanas, sempre que non se trate de autoestradas ou autovías urbanas, será de 50 quilómetros/hora, coas excepcións seguintes:
 - a. Vehículos especiais que carezan de sinalización de freado, leven remolque ou sexan motocultores ou máquinas equiparadas a estes: 25 quilómetros/hora.
 - b. Vehículos que transporten mercadorías perigosas e ciclomotores: 40 quilómetros/hora.
 - c. Vehículos provistos de autorización para transportes especiais: a que sinala a devandita autorización se é inferior á que corresponda segundo os apartados anteriores.

ARTIGO 13

1. O Concello de Vilagarcía poderá establecer áreas nas que os límites de velocidade establecidos no punto anterior poderán ser rebaixados previa a sinalización correspondente. A Alcaldía poderá establecer en determinadas rúas do centro da cidade a limitación de 30 km/h. As rúas con esta limitación regularanse por Bando de Alcaldía. Estas zonas 30 estarán especialmente sinalizadas. Tamén poderase establecer limitación de 30 km/h naquelas rúas do rural que pola súa anchura non dispoñan de dous carrís de circulación en ambos sentidos. En especial, calquera rúa ou vía anexa a un centro social, escolar ou deportivo, así como as anexas a paseos, parques e xardíns ou lugares de esparcemento público, terán esta limitación de velocidade.
2. Igualmente, os condutores deberán adoptar as medidas máximas de precaución, circularán a velocidade moderada e mesmo deterán o vehículo sempre que as circunstancias así o aconsellen, e en especial nos casos seguintes:
 - a. Cando a calzada sexa estreita.
 - b. Cando a calzada estea ocupada por obras ou por algún obstáculo que dificulte a circulación.
 - c. Cando a zona destinada aos peóns obrigue a estes a circular moi próximos á calzada ou, se aquela non existe, sobre a propia calzada.

- d. En caso de visibilidade insuficiente motivada por cegamento, néboa densa, nevada, chuvia intensa, nubes de po ou fume ou calquera outra causa.
- e. Ao aproximarse a un autobús en situación de parada, e especialmente si se trata dun autobús de transporte escolar ou de menores.
- f. Cando as condicións de circulación non sexan favorables polo estado do pavimento ou por circunstancias meteorolóxicas.
- g. Cando se formasen charcos de auga, lama ou calquera outra substancia e se puidese manchar ou salpicar ós peóns.
- h. Nos cruzamentos e interseccións nos que non existan semáforos nin sinal que indique paso con prioridade.
- i. Ao atravesar zonas nas que sexa previsible a presenza de nenos, anciáns ou persoas con discapacidade ou mobilidade reducida na calzada ou nas súas inmediacións.
- j. Cando se aproximen a pasos de peóns non regulados por semáforos ou Policías Locais, e se observe naqueles a presenza de transeúntes ou estes se dispoñan a utilizalos.
- k. Cando pola celebración de espectáculos ou por razóns de natureza extraordinaria se produza grande afluencia de peóns ou vehículos.
- l. Á saída ou entrada de vehículos en inmobles, garaxes e estacionamentos que teñan os seus accesos pola vía pública.
- m. En áreas especialmente reservadas aos residentes.
- n. En rúas peonís e restrinxidas ao tráfico de vehículos particulares, pero con acceso de vehículos destinados a carga e descarga.
- o. En zonas limitadas a 30 km/h.

CAPÍTULO 5.—USO DE MEDIOS TÉCNICOS

ARTIGO 14

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa disporá, para a vixilancia e disciplina do tráfico e a constatación de determinadas condutas viarias como feitos constitutivos de infracción aos preceptos establecidos nas normas de tráfico e circulación de vehículos, de medios técnicos a través dos que se poida determinar a existencia da infracción e a identificación do vehículo.
2. Os instrumentos, aparatos ou medios e sistemas técnicos destinados a medir, coa precisión adecuada, a concentración do alcohol no aire expirado ou sangue, a velocidade de circulación dos vehículos a motor, a emisión de perturbacións electromagnéticas, a captación de imaxes, gravacións e posicionamento de vehículos na vía pública, a medición de ruídos, gases e outros contaminantes e aquelas outras magnitudes que se determinen para captar infraccións, deberán cumprir os requisitos que se establezan legalmente. Os citados instrumentos, aparatos ou medios e sistemas de medida utilizados para a formulación de denuncias por infraccións ás normas de tráfico e a esta ordenanza deberán someterse ao control metrolóxico que se diten ao respecto e lle sexan de aplicación.
3. En todo caso, a xestión das imaxes captadas por medios técnicos corresponderá á Policía Local de Vilagarcía de Arousa, sen prexuízo dos acordos ós que poida chegar o concello en materia de trámite das denuncias que puideran resultar, ou para a recadación das sancións que leven aparelladas.

ARTIGO 15

1. A instalación e uso de videocámaras e de calquera outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico acordarase pola Alcaldía, ou no seu caso, pola Xunta de Goberno Local ou Concelleiro/a Delegado/a. A xestión dos datos e imaxes obtidas corresponderá á Policía Local, aos fins previstos na normativa

específica na materia e pola que se regula a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos. O concello poderá contratar a instalación e mantemento con empresas especializadas.

2. A disposición ou resolución, se é o caso, que ordene a instalación e uso dos dispositivos fixos de captación e reprodución identificará xenericamente as vías públicas ou os tramos daquelas cuxa imaxe sexa susceptible de ser captada, as medidas tendentes a garantir a preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade das gravacións ou rexistros obtidos, que serán xestionados polo Servizo da Policía Local, encargado da súa custodia, e da resolución das solicitudes de acceso e cancelación.
3. A utilización de medios móbiles de captación e reprodución de imaxes non requirirá a resolución á que se refire o apartado anterior, e adecuarase aos principios de utilización e conservación enunciados nesta ordenanza e na lexislación vixente. A súa localización será determinada pola Policía Local, nas vías da súa competencia.
4. A utilización das videocámaras contempladas nesta disposición polas Forzas e Corpos de Seguridade para fins distintos dos previstos nesta rexerase polo disposto na Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos e no seu regulamento de desenvolvemento e execución.

ARTIGO 16

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa poderá dispoñer de medios técnicos móbiles instalados en vehículos destinados á captación de infraccións ás normas viarias previstas nas normas sobre tráfico e circulación de vehículos e nesta ordenanza.
2. O Concello de Vilagarcía de Arousa poderá dispoñer de medios técnicos instalados nos elementos de sinalización luminosa da cidade destinados á captación de infraccións ás normas viarias vixentes sobre tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria.

CAPÍTULO 6

CIRCULACIÓN DE CICLOS, CICLOMOTORES, MOTOCICLETAS, PATÍNS, MONOPATÍNS E BICICLETAS

ARTIGO 17

1. Os vehículos incluídos neste capítulo, non poderán circular entre dúas filas de vehículos de superior categoría, nin nas vías con beirarrúas, entre unha fila de vehículos de superior categoría e a beirarrúa.
2. Non poderán producir ruídos ocasionados por aceleracións bruscas, tubos de escape alterados ou outras circunstancias anómalas. En todo caso, deberán adaptar a emisión de ruídos á ordenanza municipal correspondente.
3. Queda expresamente prohibido aos condutores destes vehículos arrancar ou circular enriba dunha soa roda. Este suposto será considerado infracción grave, salvo no caso de que se cree un perigo ou risco para outros usuarios, que será considerado de moi grave.
4. As motocicletas, ciclomotores e quads non poderán circular en ningún caso por beirarrúas e paseos.

ARTIGO 18.—BICICLETAS, PATÍNS, MONOPATÍNS E APARATOS SIMILARES

1. As bicicletas, vehículos suxeitos á normativa vixente sobre tráfico e circulación, circularán polas vías ciclistas ou polos itinerarios sinalizados. Onde non existan carrís ou vías destinados a bicicletas, circularán pola calzada. O ciclista unicamente terá a consideración de peón cando circule a pé.
2. Estes vehículos deberán estar provistos de timbre e elementos reflectores na parte dianteira e posterior. As bicicletas para circular durante a noite ou en condicións meteorolóxicas que

diminúan sensiblemente a visibilidade, deberán dispoñer ademais de luz de posición dianteira e traseira.

3. Agás en momentos de aglomeración, as bicicletas poderán circular por parques públicos e zonas de prioridade peonil nas que estea permitido, sempre que:

- a) Respecten a preferencia de paso dos peóns.
- b) Adecúen a velocidade ao paso dunha persoa, e en ningún caso se superen os 10 km/h.
- c) Non realicen manobras que afecten á seguridade dos peóns.
- d) Deberán manter unha distancia de seguridade dun metro ao superar ou cruzarse cun peón.

4. De maneira excepcional, permitirase a circulación de bicicletas por beirarrúas en rúas nas que non exista vía ciclista, unicamente cando a intensidade do tráfico na estrada disuada a utilización da mesma.

A circulación deberá ser extremadamente prudente, e a paso de peón. Ademais, os ciclistas que circulan por beirarrúas deberán cumprir co resto de restricións impostas para as zonas peonís.

5. Por cuestións de seguridade, é recomendable a utilización de casco de protección.
6. Cando exista unha vía expresamente sinalizada para uso exclusivo de bicicletas, esta terá prioridade sobre os demais vehículos e sobre os peóns e deberán utilizala obrigatoriamente, non podendo circular polo resto da calzada.
7. Para os efectos deste artigo, entenderase que hai aglomeración cando non sexa posible conservar un metro de distancia entre a bicicleta e os peóns, e entre esta e as fachadas, ou non sexa posible circular en liña recta 5 metro de xeito continuado.
8. No Paseo marítimo Vilagarcía-Carril e rutas de sendeirismo permitirase superar a limitación de 10 km/h sen superar como máximo os 15 km/h, cando nunha lonxitude de cincuenta metros non sentido de circulación da bicicleta non circule ningún peón. No devandito paseo, na medida do posible, marcaranse itinerarios diferenciados para uso peonil e de bicicleta.

9. Patíns, monopatíns, patinetes ou aparatos similares:

- a. Circulación. Os patíns, monopatíns, patinetes ou aparatos similares transitarán polo carril bici e zonas de prioridade peonil, incluídas as beirarrúas non podendo invadir carrís de circulación de vehículos a motor, salvo para cruzar a estrada. No seu tránsito os patinadores deberán acomodar a súa marcha á das bicicletas de circular polo carril bici, ou á dos peóns no resto dos casos, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo. En ningún caso se permite que sexan arrastrados por outros vehículos.
- b. Uso deportivo: Os patíns, monopatíns, patinetes ou aparatos similares unicamente poderán utilizarse con carácter deportivo nas zonas especificamente sinalizadas en tal sentido.
- c. Non está permitida a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con patíns ou monopatíns fora das áreas destinadas ao efecto.
- d. Queda prohibida a utilización de escaleiras para peóns, elementos para a accesibilidade de persoas discapacitadas, varandas, bancos pasamáns ou calquera outro elemento do mobiliario urbano para realizar acrobacias con patíns e monopatíns.

CAPÍTULO 7.—TRANSPORTES ESPECIAIS E DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

ARTIGO 19

1. Os vehículos que teñan un peso ou unhas dimensións superiores ás autorizadas regulamentariamente, non poderán circular polas vías públicas urbanas de titularidade municipal sen autorización municipal; esta autorización, é independente da outorgada polo órgano competente en materia de tráfico, á que fai referencia o artigo 14 do RD 2822/1998 de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

2. As autorizacións indicadas no punto anterior poderán ser para unha soa viaxe ou número determinado, sendo outorgadas pola Alcaldía e solicitadas a través de instancia dirixida á mesma. Nelas determinaranse os itinerarios e horarios a seguir.
3. As autorizacións solicitaranse a través do Rexistro xeral do concello, cunha antelación mínima de 48 horas, correspondendo a súa tramitación á Policía Local, e a autorización á Alcaldía, ou no seu caso ó Concelleiro Delegado ou á Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 20

1. Queda prohibida a circulación polas vías obxecto desta ordenanza, dos vehículos que transportan mercadorías perigosas, para o que se deberán utilizar as vías que circunvalan a cidade.
2. Excepcionalmente permitirase a entrada destes vehículos na zona urbana, cando sexa estritamente necesario por concorrer algún dos seguintes supostos, sempre que se realice a eses únicos efectos e de acordo coa forma e condicións legalmente establecidas.
 - a) Para a realización de operacións de carga e descarga, distribución ou repartición de mercadorías en unidades de transporte de masa máxima autorizada inferior a 12 toneladas.
 - b) Por causas de forza maior debidamente xustificadas e autorizadas.
3. Será de aplicación na zona urbana, a resolución anual que sobre as restricións á circulación e tránsito de mercadorías perigosas por estrada publica a Dirección Xeral de Tráfico, estendéndose ás festas oficiais de Vilagarcía de Arousa, tanto as de carácter local, como autonómico.
4. As autorizacións solicitaranse a través do Rexistro xeral do concello, cunha antelación mínima de 48 horas, correspondendo a súa tramitación á Policía Local, e a autorización á Alcaldía, ou no seu caso ó Concelleiro Delegado ou á Xunta de Goberno Local.

CAPÍTULO 8.—TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS**ARTIGO 21.—TRANSPORTE PÚBLICO URBANO**

1. O transporte público urbano regular do Concello de Vilagarcía de Arousa ten carácter de servizo público de titularidade local, debendo ser admitidas á súa utilización todas aquelas persoas que o desexen e cumpran coas condicións establecidas nesta ordenanza sobre utilización e comportamento.
2. Calquera proposta de itinerarios, réxime de paradas, deberá ser aprobado previamente polo Concello de Vilagarcía de Arousa. A situación das paradas do transporte público urbano igualmente serán determinadas polo mesmo servizo de transporte atendendo a criterios de accesibilidade, mobilidade e incidencia na mobilidade e a seguridade viaria urbanas.
3. Nos lugares habilitados como parada do transporte público urbano, parada BUS, existirá a correspondente sinalización regulamentaria, expresándose ademais, o itinerario da respectiva liña, horario de servizo e calquera outra información que se considere establecer por aquel servizo. Ademais, tenderase a introdución de sistemas de información que advirtan ao usuario do transporte público urbano do tempo de chegada e destino do autobús urbano, ben fisicamente a través de paneis ou mediante novas tecnoloxías.
4. Os vehículos de transporte público urbano deberán deterse en todas as paradas da respectiva liña sempre e cando se solicite, polo usuario no interior do autobús accionando o sistema de solicitude de parada, coa marxe suficiente para a detención do vehículo na parada.
5. O acceso do autobús á parada debe ser tal que permita o achegamento á beirarrúa ou á plataforma fixa ou móbil disposta para o doado acceso dos pasaxeiros ao autobús, podendo equiparse o vehículo con aqueles medios técnicos de captación de imaxes coa finalidade de denunciar o estacionamento de vehículos non autorizados, nas paradas de autobús sinalizadas.

6. Os viaxeiros situados na parada deberán facer as indicacións pertinentes ao autobús da intención de acceder a este, o devandito acceso poderá ser prohibido polo condutor en caso de que a capacidade deste non admita maior número de viaxeiros.
7. O condutor do autobús non poderá deixar nin recoller viaxeiros fóra das paradas habilitadas e sinalizadas para tal fin, en prol da seguridade do viaxeiro no acceso e descenso do autobús e a seguridade viaria, salvo por causas de forza maior.
8. Próximos aos lugares que se habiliten para as paradas do transporte público urbano existirán elementos construtivos abondo para conseguir a necesaria protección das inclemencias do tempo, salvo que existan bens de uso público próximos que poidan prestar a devandita protección.
9. Para facer uso do servizo de transporte público urbano será necesario que toda persoa, salvo os nenos menores de catro anos que non ocupen asento, satisfaga o prezo que estivera establecido en función da estrutura tarifaria e a través dos medios técnicos establecidos en cada momento.
10. As persoas con mobilidade reducida poderán acceder ao autobús de transporte público urbano coas axudas técnicas, bastóns, muletas, cadeiras de rodas ou cans guías que necesiten. Prohíbese o acceso de animais de compañía no transporte público urbano, salvo que se realicen en cestas, caixas ou recipientes adecuados.
11. O número de cadeiras de rodas que poderán utilizar simultaneamente o autobús urbano virá dado pola ficha técnica do autobús.
12. O despregamento da rampla é para uso de persoas con mobilidade reducida. Para o acceso dos usuarios que vaian con cadeira de bebés non é preceptivo o uso da rampla, atendendo ao establecido na Lei 8/1997 de Accesibilidade e Supresión de Barreiras.

ARTIGO 22

Corresponde á Policía Local a vixilancia e denuncia das infraccións, por o incumprimento das obrigas que lles corresponden aos usuarios do transporte público urbano, especialmente as accións ou usos indebidos dos elementos e mecanismos instalados nos vehículos, ou perturbando o condutor ou os usuarios con comportamentos perigosos que poñan en risco aos demais usuarios do transporte público.

ARTIGO 23.—AUTOTAXIS

1. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por transporte de viaxeiros en vehículos de turismo aos servizos prestados por Autotaxi ou Taxi, con capacidade igual ou inferior a nove prazas, incluída a do condutor, séndolles de aplicación o Regulamento Municipal de Servizos Urbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros, e demais normativa de aplicación.
2. Corresponde ao Concello de Vilagarcía de Arousa o réxime de xestión, outorgamento e utilización, suspensión, modificación e extinción das licenzas de Autotaxi ou Taxi, así como a inspección das condicións de prestación dos servizos e dos vehículos de conformidade co citado Regulamento.

ARTIGO 24.—TRANSPORTE ESCOLAR E DE MENORES

A prestación de servizos de transporte escolar e/ou de menores nas vías recollidas no ámbito de aplicación desta ordenanza, cando teña carácter exclusivamente urbano, levarase para efecto de acordo co establecido neste artigo, na normativa específica que o regula e en concreto:

- a. Transporte urbano de uso especial (menores e escolares): As persoas físicas ou xurídicas titulares dos vehículos ou do servizo, afectos á prestación de transporte escolar e/ou de menores, realizado de forma regular, cando teña carácter exclusivamente urbano, deberán proveerse da correspondente autorización administrativa, de acordo á lexislación vixente.

- b. Á solicitude da citada autorización achegarase a documentación requirida pola normativa vixente e, en caso de transporte escolar, deberán sinalarse os itinerarios preestablecidos, os calendarios e horarios prefixados e as paradas, que pretendan efectuarse.
- c. Na autorización que, se é o caso, outorgue o concello, fixarase o itinerario e as paradas que se consideren máis idóneas, de acordo co informe emitido pola Policía Local, que poderá propoñer as rectificacións que estime oportunas ao réxime de parada proposta polo solicitante, quedando prohibido que os devanditos vehículos efectúen outras distintas que as indicadas para que suban ou baixen viaxeiros.
- d. Cando non resulte posible que a parada de orixe ou destino estea situada no interior do recinto escolar, a fixación desta realizarase de tal modo que as condicións de seguridade no acceso, dende a parada ao centro escolar, quede garantida.
- e. As autorizacións concedidas polo concello para o transporte escolar regular de carácter urbano terán vixencia para o curso escolar correspondente polo que se solicitará unha nova autorización ao comezo do seguinte curso escolar, debendo comunicarse calquera modificación das condicións en que foi outorgada (itinerarios, calendarios, horarios e/ou paradas).

ARTIGO 25. – ESTACIÓN DE AUTOBUSES

As estacións de autobuses e as terminais autorizadas, serán a orixe ou final das liñas de transporte regular de viaxeiros de carácter interurbano. Os autobuses interurbanos non farán outras paradas dentro do concello, agás as expresamente autorizadas e publicadas mediante Bando de Alcaldía.

**TÍTULO II
LIMITACIÓNS AO USO DAS VÍAS PÚBLICAS****CAPÍTULO 1. – OBRAS E ACTIVIDADES PROHIBIDAS****ARTIGO 26**

1. A realización de obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta ordenanza necesitará da autorización previa do concello, e rexeranse polo disposto nesta norma e nas leis de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción de obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico, que poderán levarse a efecto a petición da autoridade municipal; debendo adoptarse en todo caso as medidas correspondentes de sinalización alén daquelas que garantan a fluidez do tránsito rodado e de peóns.
2. Cando para a realización de obras resulte necesario instalar colectores para a recollida de entullos, estes colocaranse de modo que non sobresaian da liña exterior formada polos vehículos correctamente estacionados. En todo caso, os colectores deberán ser substituídos por outros baleiros cando a súa capacidade alcance, como máximo, as tres cuartas partes do seu contido total, debendo ser retirados nas horas e días que para o efecto se establezan. Durante a súa permanencia na vía pública deberán levar nos ángulos máis próximos ao tráfico elementos reflectores cunha lonxitude mínima de 50 cm. e unha anchura de 10 cm. Os colectores deberán estar identificados externamente co nome da empresa propietaria destes, e deberán ser retirados da vía pública antes das 20 horas, salvo autorización expresa.
3. Os colectores de recollida de mobles ou obxectos, os de residuos de obras e os de lixo domiciliario, colocaranse naqueles puntos da vía pública que o órgano municipal competente determine, evitando calquera prexuízo para o tráfico, e a menor perda de estacionamentos posibles.
4. Os lugares da calzada destinados á colocación de colectores estarán sinalizados de acordo co establecido no anexo correspondente desta ordenanza, e delimitados por elementos físicos

visibles para os condutores. O estacionamento de vehículos nestes lugares terá o carácter de infracción grave.

5. Prohíbese lanzar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelos perigosos ou deteriorar a mesma ou as súas instalacións, ou producir na mesma ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar; Dentro desta prohibición está comprendida a circulación de camiós de obras ou outra maquinaria que manche a calzada de lama, terra, po ou calquera outro material que faga perigosa ou molesta a circulación dos demais usuarios. Será obrigación dos condutores a restauración e a normalidade da circulación, coa debida limpeza da vía e as súas instalacións (a tal efecto, entenderase: calzada, beirarrúas, mobiliario urbano, rede de sumidoiros, alumado e, en xeral, calquera servizo que quede afectado pola lama, sen prexuízo das reclamacións que puideran facer terceiros (proprietarios de vehículos, escaparates e inmobles en xeral).

En caso de non efectuarse de forma inmediata e satisfactoria esta limpeza, o concello acometeraa a través dos seus propios servizos, ou mediante a contratación ou concerto con empresas alleas. A persoa física ou xurídica, titular da licenza da obra que ensucie ou manche a calzada terá que facerse cargo do custo desta limpeza, así como da reparación dos servizos que poidan quedar afectados de acordo co antes sinalado.

6. Prohíbese lavar ou reparar vehículos nas vías obxecto desta ordenanza.
7. Quen crease sobre a vía algún obstáculo ou perigo, deberá facelo desaparecer o antes posíbel, adoptando en tanto as medidas precisas para que poida ser advertido polos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación.
8. Prohíbese lanzar á vía ou nas inmediacións da mesma obxectos, tales como cabichas, papeis etc. Cando estes obxectos poidan producir accidentes, incendios ou prexudicar o medio natural, as infraccións a este precepto terán a consideración de graves.
9. Prohíbese a realización de actividades por persoas non autorizadas na vía pública ou espazos exteriores que causen ou puidesen causar perturbacións, molestias, perigo ou prexuízo aos usuarios de vehículos ou obstaculizar a circulación; encádranse neste apartado as actividades coñecidas como: “limparabrisas”, reparto de publicidade e calquera outra de similares características ou de venda ambulante realizada aproveitando as detencións ou retencións orixinadas polos sinais reguladores do tráfico, semáforos ou outras situacións.
10. Prohíbese realizar actividades coñecidas como “aparcacoches” nas vías e terreos obxecto desta ordenanza utilizados como estacionamentos en superficie, consistentes en dar consignas, ofrecemento de vixilancia e custodia de vehículos aos condutores con motivo do estacionamento dos mesmos.

CAPÍTULO 2.—PROBAS DEPORTIVAS, ACTOS CULTURALS E ANÁLOGOS

ARTIGO 27

1. Todos aqueles actos de carácter deportivo, cultural, rodaxes cinematográficos, televisivos, festivos ou similares, que afecten ás calzadas de competencia municipal deberán estar provistos do correspondente permiso municipal, logo do informe específico da Policía Local, sen prexuízo da obtención das autorizacións que correspondan pola súa natureza a calquera das administracións públicas.

ARTIGO 28

Os organizadores deberán solicitar a autorización municipal cumprindo os seguintes requisitos:

1. Solicitude dirixida á Alcaldía, cunha antelación mínima de 15 días á data prevista para a celebración, na que fará constar o tipo de evento, presentando toda a documentación relativa a este.

2. Permiso da administración, federación ou organismo competente, segundo os casos.
3. Regulamento interno do certame ou proba, e programa dos actos ou festas con especificación detallada de calendario, horarios, itinerario, esbozo e ocupacións de vía pública e actividades que poidan afectar á circulación, previstas.
4. Seguros e medidas de seguridade complementarias a prestar polos organizadores.
5. O solicitante comprometerase á limpeza do espazo público que ocupe durante a actividade, e unha vez rematada a mesma.

ARTIGO 29

A competencia para a autorización das devanditas actividades corresponderá á Alcaldía, ou no seu caso, á Xunta de Goberno Local, e, en caso de delegación, á Concellería Delegada de Seguridade Cidadá, logo de informe da concellaría competente, segundo a actividade de que se trate, e da Policía Local. Nos supostos de discrepancia entre os informes emitidos, resolverá a discrepancia a Alcaldía, outorgando neste caso a autorización a Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 30

A autorización tramitada, cando proceda, concederase condicionada a:

1. Que sempre que a actividade o permita, se facilite o acceso ás propiedades e se garanta o paso de vehículos de urxencia e de transporte público.
2. Que ao remate de todos os actos, as vías deberán quedar libres e expeditas, debendo responder os titulares da autorización dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocadas con motivo do acto celebrado.
3. Dos devanditos permisos darase traslado á Policía Local.
4. Á aplicación da resolución anual sobre as restricións sobre probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos da Dirección Xeral de Tráfico.

ARTIGO 31

1. As autorizacións citadas concédense en precario, e non crean dereito ningún a favor dos seus beneficiarios, polo que poderán ser libremente revogados cando as circunstancias do tráfico, risco e outras de análoga natureza así o aconsellen.
2. Nos casos nos que os organizadores dos eventos non presentasen os correspondentes permisos, e se é o caso, avais cando lles fosen requiridos, ou non manteñan as medidas recollidas na autorización ata a finalización dos actos, a Policía Local suspenderá as actividades citadas.

ARTIGO 32

Os preceptos deste Título non serán de aplicación, ós actos regulados pola Lei Orgánica 9/1983 de 25 de xullo, Reguladora do Dereito de Reunión.

CAPÍTULO 3.—USOS PROHIBIDOS**ARTIGO 33**

1. Todos os usuarios dos espazos públicos teñen a obriga de comportarse de modo axeitado á natureza do lugar, e o dereito a transitar e circular polos espazos e vías públicas establecidas para iso, sen que ningunha persoa nin a actividade que esta realice sen autorización, supoñan un límite a ese dereito.
2. Para garantir este dereito, queda prohibido realizar na vía pública calquera actividade que poida representar molestias ou un perigo para os transeúntes ou incluso para os mesmos que os practiquen.

**TÍTULO III
PEÓNS-ILLAS DE PEÓNS E ZONAS PEONÍS**

CAPÍTULO 1. – PEÓNS

ARTIGO 34

1. Os peóns transitarán polas beirarrúas, pasos e plataformas a eles destinados, gozando sempre de preferencia as persoas con mobilidade reducida temporal ou permanente, e os que se despracen en cadeiras de rodas. Onde non existan beirarrúas transitarán pola beiravía, sempre pola marxe esquerda no sentido da marcha, e procurando ocupar o menor espazo posible da calzada, se a beiravía non fora practicable
2. Excepcionalmente poderán circular pola calzada cando así o determinen os axentes encargados da vixilancia do tráfico.
3. Cruzarán as calzadas polos pasos sinalizados e, se non os houberse, polos extremos dos bloques de vivendas, perpendicularmente á calzada, coas debidas precaucións e ocupando este o menor tempo posible. Nas prazas e glorietas, cruzarán rodeándoas.
4. Nos pasos regulados deberán de cumprir estritamente as indicacións a eles dirixidas.
5. Cando transiten pola noite en zonas de escasa iluminación, e se non houberse beirarrúas, levarán os elementos luminosos ou reflectores necesarios para ser vistos.
6. Os que utilicen monopatíns, patíns ou aparellos similares, aínda que estean dotados de motor, non poderán circular pola calzada, salvo que se trate de vías ou parte delas que estean especialmente destinadas para o uso destes aparellos, e só poderán circular ó paso de persoa polas beirarrúas, zonas peonís ou illas de peóns, sen que en ningún caso poidan ser arrastrados por outros vehículos.
7. Todas as condutas e actividades desenvolvidas nas vías públicas estarán sometida ao principio xeral de respecto aos demais e, en especial, da súa seguridade e tranquilidade, así como ao feito de que non ocasionen danos á vía pública, mobiliario urbano ou instalacións, tanto públicas como privadas.

Non se permite aos peóns:

- a) Cruzar a calzada por lugares distintos dos autorizados ou permanecer nela.
 - b) Agardar aos autobuses e demais vehículos de servizo público fóra dos refuxios ou beirarrúas ou invadir a calzada para solicitar a súa parada.
 - c) Subir ou descender dos vehículos en marcha.
 - d) Realizar actividades nas beirarrúas, pasos, calzadas, beiravías ou, en xeral, en zonas contiguas á calzada, que obxectivamente poidan perturbar aos condutores ou retardar, ou dificultar a marcha dos seus vehículos, ou poidan dificultar o paso de persoas con mobilidade reducida.
8. Nos pasos regulados por semáforos, deberán obedecer as indicacións das luces, non penetrando no paso ata que o sinal dirixido a eles o autorice.
 9. Nos pasos regulados por axentes da Policía Local, deberán en todo caso obedecer as instrucións que sobre o particular efectúen estes.
 10. Nos restantes pasos, non deberán penetrar na calzada ata tanto non se aseguren, á vista da distancia e velocidade á que circulen os vehículos máis próximos, que non existe perigo para poder cruzar.

CAPÍTULO 2.—ILLAS DE PEÓNS*ARTIGO 35*

1).—Chámanse illas de peóns, ao conxunto de rúas adxacentes coa mesma regulación de restrición de circulación, para vehículos a motor e ciclomotores. Estas zonas regularanse mediante Bando da Alcaldía. Éstas estarán debidamente sinalizadas en cada lugar de acceso ás mesmas.

2).—A administración municipal poderá, porque as características dunha determinada zona o xustifiquen, establecer a prohibición total ou parcial de circulación e estacionamento de vehículos de motor e ciclomotores, co fin de reservalas ao tráfico de peóns, e bicicletas, no seu caso.

ARTIGO 36

Nas illas de peóns e rúas peonís, a circulación de vehículos a motor e ciclomotores poderá estar prohibida ou restrinxida, ben durante unhas horas ou ben de forma permanente, quedando sempre a salvo o acceso de vehículos de servizos de emerxencia. Os diferentes graos de restrición son os seguintes:

1).—Cando se permita o acceso a determinados usuarios para carga e descarga, nos horarios establecidos nesta ordenanza.

2).—Circulación restrinxida para determinados usuarios, cando se permita o acceso a vehículos autorizados, podendo tamén limitarse a circulación por dimensión ou por o tipo dos mesmos.

3).—Cando teñan un uso reservado para o paso de peóns, con exclusión da circulación rodada, e expresamente sinalizadas como tales.

CAPÍTULO 3.—ACCESOS E PROHIBICIÓNS*ARTIGO 37*

1).—Regularanse por Bando da Alcaldía os accesos e saídas das illas de peóns e rúas peonís, así como a delimitación e indicación do lugar a partir do cal rexen as normas para esta, efectuarase mediante os correspondentes sinais, conforme co establecido no anexo correspondente desta ordenanza. En todo caso, respectaranse as seguintes normas:

a) A velocidade máxima dos vehículos será de 10 Km/h.

b) Os condutores deberán conceder prioridade aos peóns e bicicletas.

c) Os peóns poderán utilizar toda a zona de circulación.

d) Prohíbese o acceso de vehículos de máis de 3.500 kg. de M.M.A., salvo autorización expresa.

2).—A autoridade municipal, sen prexuízo da sinalización anterior, poderá utilizar outros elementos móbiles ou fixos, que impidan ou restrinxan a entrada e circulación de vehículos na zona ou vía afectada, así como os medios técnicos adecuados para a vixilancia e disciplina do tráfico.

ARTIGO 38

1).—Prohíbese a circulación e o estacionamento de vehículos nas illas de peóns e rúas peonís, salvo os casos autorizados.

2).—No caso de vehículos autorizados, o estacionamento realizarase sen obstaculizar nin constituír un risco para o resto de usuarios, circulando a velocidade moderada, e se fose preciso, deterán a súa marcha para permitir o paso dos peóns ou bicicletas, evitando causar calquera dano ou molestia innecesaria.

3).—Os condutores autorizados, non poderán ampararse nestas para acurtar distancias, recorrido ou evitar retencións ou outras situacións derivadas da circulación.

4).—Calquera que sexa o alcance das limitacións impostas, estas non afectarán á circulación nin ao estacionamento de vehículos dos servizos contra incendios e salvamento, forzas e corpos de seguridade, asistencia sanitaria en servizo de urxencia e servizo municipal de retirada de vehículos.

5).—En todo caso, estarase ao establecido na presente ordenanza, e ás indicacións que puidesen realizar os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

6).—O incumprimento das normas establecidas neste artigo e no correspondente Bando da Alcaldía, constitúen unha infracción que será considerada grave, se obstaculiza ou crea risco para o paso de vehículos autorizados, ou de peóns e bicicletas.

7).—En supostos excepcionais debidamente xustificados ou casos de forza maior, mediante información aos afectados, poderá prohibirse temporalmente o acceso dos vehículos autorizados ás vías restrinxidas onde se producira a incidencia.

ARTIGO 39

1. Poderase permitir o acceso ás zonas peonís nos seguintes supostos:

- Os vehículos dos servizos municipais de limpeza, iluminación, auga e rede de sumidoiros, parques e xardíns e mantemento da vía e demais servizos municipais, circularán por estas vías cando sexa imprescindible por mor do ser servizo. Non deberán circular nin estacionarse nas devanditas zonas cando a afluencia de peóns sexa abundante, agás nos supostos de reparación ou necesidade urxente.
- Os vehículos dos servizos públicos de subministración de gas, electricidade, telefonía e similares, nos supostos de restablecementos ou reparacións urxentes por avarías ou cortes de subministración de calquera dos servizos públicos, será suficiente comunicar a Policía Local, por calquera medio que permita ter constancia, a necesidade de circular e estacionar, no seu caso.
- Os vehículos auto-taxis terán acceso ás illas de peóns para realizar servizos cando as persoas transportadas teñan dificultades de mobilidade ou porten equipaxes pesados ou voluminosos.
- Os servizos de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e todos aqueles que teñan inherente a prestación de servizos públicos.
- Con carácter xeral, o acceso para a execución de calquera obra de construción, instalación ou remodelación de edificacións, así como mudanzas, terá o mesmo tratamento que as operacións de carga e descarga, nos termos descritos nesta ordenanza.
- Excepcionalmente, permitirase o acceso de vehículos á zona afectada en horario distinto ao de carga e descarga por razóns debidamente xustificadas. Para iso, será necesaria a correspondente autorización municipal, así como o pago das taxas correspondentes pola ocupación da vía pública.
- Os vehículos de transporte de mercadorías, que cumpran os requisitos establecidos nesta ordenanza.
- Os hoteis situados no interior das illas peonís, poderán servirse a través das rúas peonís, para tomar ou deixar viaxeiros con dificultades de desprazamento, ou con equipaxes pesados ou voluminosos, así o acceso os garaxes privados dos establecementos e poderán estacionar diante do hotel por tempo máximo de 10 minutos.
- Os vehículos de titulares de tarxeta sanitaria, nos casos de prestación de servizos urxentes.
- Os titulares de tarxetas de residentes en vigor, nas condicións establecidas nesta ordenanza.

CAPÍTULO 4.—TARXETAS DE RESIDENTES

ARTIGO 40

A tarxeta de residente é un documento público que poderá emitir o Concello de Vilagarcía de Arousa a aquelas persoas que cumpran os requisitos previstos nesta ordenanza, e ós únicos efectos que se sinalan na mesma. O outorgamento e uso das tarxetas rexerá polas seguintes normas:

1).—Os interesados deberán solicitar que se lles outorgue a correspondente tarxeta de residente, mediante o impreso modelo establecido ao efecto, debendo aportar a documentación que se cita nos artigos seguintes para cada un dos supostos previstos.

2).—Na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa, estará a disposición dos interesados o modelo de impreso citado, o cal se poderá obter tamén na oficina de información do concello, así como nas dependencias da Policía Local. Unha vez cumprimentado, deberá entregarse, xunto coa documentación esixida para cada caso, no Rexistro de Entrada deste concello.

3).—A tarxeta sinalada no apartado 1) deberá levarse no interior do vehículo de tal forma que sexa visible dende o exterior polo parabrisas deste. Será exhibida polo condutor do vehículo aos axentes encargados da vixilancia do tráfico cando sexa requirido para iso.

4).—A Alcaldía de Vilagarcía de Arousa será quen conceda ou denegue as tarxetas de acceso e estacionamento nas illas de peóns, así como a revogación ou suspensión destas. A Policía Local será a encargada da xestión e da emisión das tarxetas.

5).—O período de vixencia da tarxeta de acceso será de dous anos, caducando o 31 de decembro de ano seguinte á solicitude de autorización. Pasado este tempo, os interesados deberán solicitar a concesión dunha nova, con 20 días de antelación á súa caducidade. Para a renovación das tarxetas deberá acreditarse novamente o cumprimento dos requisitos esixidos inicialmente.

6).—No caso de perda da tarxeta de acceso, poderá expedirse un duplicado, sempre que o interesado firme unha declaración xurada da perda, así como a pertinente denuncia..

7).—As tarxetas serán persoais e intransferibles, e outorgadas para un vehículo determinado, polo que, en caso de cambio de propietarios do vehículo, deberá entregarse a tarxeta nas dependencias da Policía Local para que sexa dada de baixa polo concello. Así mesmo, entregarase a tarxeta no momento no que o titular da mesma traslade o seu domicilio fóra dos límites da zona autorizada, ao alterarse as condicións esixidas no momento de outorgala.

8).—As tarxetas axustaranse ao modelo recollido no correspondente bando, que se incluírá como anexo desta ordenanza, e terán unhas dimensións aproximadas de 12 x 8 centímetros. Estarán firmadas polo/a Alcalde/sa, e incorporarán, en caracteres grandes que permitan unha doada e rápida comprobación, os seguintes datos:

- TARXETA DE RESIDENTE.
- Número da zona para a que é válida.
- Ano na que é vixente.
- Matrícula do vehículo autorizado.
- Incorporará tamén, en caracteres máis pequenos, pero doadamente lexibles, o seguinte:
- Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Número de orde.
- Data de expedición.

9).—Estar en posesión da tarxeta só permitirá o acceso ás illas de peóns nos seguintes casos:

- a) Acceso a garaxes dentro da zona de residencia, dende o acceso autorizado máis próximo.
- b) Estacionamento para carga e descarga, dentro do horario establecido, se non se excede de 10 minutos. (en outro apartado fala de 20 minutos)
- c) Para recoller ou deixar persoas con discapacidade ou con problemas para desprazarse, sen exceder de 10 minutos.

12).—En ningún caso terán validez fotocopias ou reprodución por calquera medio das tarxetas.

13).—O uso indebido de forma reiterada da tarxeta, será causa de suspensión da mesma.

ARTIGO 41

1).—Outorgarase tarxeta de residente para o acceso ás illas de peóns dunha determinada zona, nos seguintes supostos:

- a) Ser propietario ou ter alugada unha vivenda, con residencia na zona afectada.
- b) Persoas físicas empadroadas na zona afectada, que prestando os seus servizos nunha empresa con domicilio distinto ao daquelas, tiveran asignado un vehículo para os seus desprazamentos profesionais ou laborais.
- c) Ser propietario ou ter alugada unha praza de garaxe.
- d) Ser titular ou representante dun establecemento comercial situado dentro dunha illa de peóns.
- e) Ser maior de 65 anos que residindo na zona afectada e por razóns de saúde debidamente xustificadas, precisen acceder á súa residencia mediante un vehículo, e non se atopen incluídos en ningún dos supostos anteriores.
- f) Ós titulares de tarxetas para discapacitados que residan na zona afectada, non incluídos en ningún dos supostos anteriores.

ARTIGO 42

1).—Para obter a tarxeta de residente, os interesados deberán solicitalo mediante o impreso correspondente debidamente cumprido, achegando a seguinte documentación:

a) Nos supostos do artigo 42.1-a) e b):

- Fotocopia do DNI ou, no caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
- Certificado de empadramento.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso

No caso do apartado a), deberá ser coincidente o domicilio do empadramento do titular co que figura no DNI, así como no permiso de circulación do vehículo.

No caso de arrendatarios de vehículos con contrato de aluguer de larga duración, ou usuarios de vehículos financiados en réxime de leasing, terán que presentar fotocopia do contrato correspondente. Neste suposto, deberá ser coincidente o domicilio do empadramento do titular co que figura no D.N.I., e co que de feito resida.

No caso do apartado b), deberá aportar documento acreditativo expedido pola empresa propietaria do vehículo, conforme o ten asignado.

b) No suposto do artigo 42.1-c):

- Fotocopia do DNI ou, caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso.
- Fotocopia do título de propiedade ou contrato legalizado de aluguer da praza de garaxe, no que debe constar a identificación e dirección desta.

c) No suposto do artigo 42.1-d):

- Fotocopia do DNI ou, caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso, que deberá estar a nome do solicitante ou do establecemento comercial.
- Fotocopia da licenza de apertura do establecemento.
- No caso de representantes, poder de representación ou declaración xurada de que ostenta este poder da delegación, a efectos do uso da tarxeta.

d) No suposto do artigo 42.1-e):

- Fotocopia do DNI ou, caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
- Certificado de empadramento.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso.

- Informe médico que xustifique a necesidade de acceso con un vehículo.
- e) No suposto do artigo 42.1-f):
 - Fotocopia do DNI ou, caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
 - Certificado de empadramento.
 - Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso.
 - Fotocopia da tarxeta de discapacitados

2).—En todo caso, o número total de tarxetas para vehículos de persoas residentes, non excederá de dúas por domicilio no suposto de persoas físicas e dunha no das persoas xurídicas, sen prexuízo de que se outorguen tarxetas por razón de discapacidade nos termos previstos na presente ordenanza.

3).—En todos os casos, agás os residentes temporais, o vehículo deberá estar dado de alta no Padrón do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, deste concello, estando, se é o caso, ao corrente do pagamento do devandito imposto.

4) En todos os casos a Masa Máxima Autorizada dos vehículos autorizados será de 3.500 Kg.

TÍTULO IV

RÉXIME DE PARADAS E ESTACIONAMENTOS

CAPÍTULO 1.—PARADAS

ARTIGO 43.—NORMAS XERAIS

1).—Enténdese por parada toda detención dun vehículo con obxecto de tomar ou deixar persoas ou de cargar ou descargar mercancías durante un tempo que non exceda de dous minutos e sen que o condutor abandone o vehículo. Non se considerará parada a detención accidental e momentánea por necesidade da circulación.

2).—A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía coidando especialmente a colocación do mesmo.

En todo caso, a parada terá que facerse achegando o coche á beirarrúa da dereita segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación tamén se poderá facer á esquerda. Os pasaxeiros terán que baixar polo lado correspondente á beirarrúa. O condutor, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure que o pode facer sen ningún tipo de perigo.

3).—En todas as zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde menos dificultades se ocasionen á circulación. Nas rúas con chafrán, farase xustamente no chafrán, sen sobresaír da aliñación dos bordos. Exceptúanse os casos en que os pasaxeiros sexan enfermos ou impedidos, ou se trate de servizos públicos de urxencia ou de camións do servizo de limpeza ou recollida de lixo. Nas rúas urbanizadas sen beirarrúa deixarase unha distancia mínima de un metro desde a fachada máis próxima, sempre que o ancho da calzada permita a parada sen obstaculizar a circulación.

4).—Os auto-taxis e vehículos de gran turismo pararán na forma e lugares que se delimiten e, de non os haber, con suxeición estrita ás normas que con carácter xeral se establecen na presente ordenanza para as paradas.

5).—Os autobuses tanto de liñas urbanas como interurbanas, unicamente poderán deixar e tomar viaxeiros nas paradas expresamente determinadas ou sinalizadas pola autoridade municipal.

6).—A autoridade municipal poderá requirir ós titulares de centros docentes con servizo de transporte escolar para que propoñan itinerarios para a recollida dos alumnos. Unha vez aprobados, esta autoridade poderá fixar paradas dentro de cada ruta quedando prohibida a recollida de alumnos fóra delas.

ARTIGO 44.—PROHIBICIÓNS

Queda prohibida totalmente a parada:

- 1).— Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, nas súas proximidades e nos túneles.
- 2).— Nos pasos a nivel.
- 3).— Nas beirarrúas, pasos para ciclistas e pasos para peóns ou zonas destinadas ao uso exclusivo destes, salvo o disposto para vehículos de dúas rodas na presente ordenanza.
- 4).— Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.
- 5).— Nas interseccións, e se se dificulta o xiro a outros vehículos ou se xera perigo por falta de visibilidade, tamén nas súas proximidades.
- 6).— Nos lugares onde se impida a visibilidade da sinalización aos usuarios a quen afecte ou obrigue a facer manobras.
- 7).— Cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada, ou unha marca lonxitudinal que indique prohibición de atravesala, sexa inferior a tres metros.
- 8).— En dobre fila, a non ser que aínda quede libre un carril en rúas de sentido único de circulación e dous en rúas de dous sentidos, sempre que o tráfico non sexa moi intenso, e non haxa espazo libre nunha distancia de 40 metros.
- 9).— Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados nas beirarrúas.
- 10).— Nos lugares onde o prohiba a sinalización correspondente.
- 11).— Naqueles outros lugares que sen estar incluídos nos apartados anteriores, se prexudique a circulación, creando un risco ou obstaculizando gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais.
- 12).— Cando se impida o xiro autorizado polo sinal correspondente.
- 13).— Na zonas destinadas para estacionamento e parada de uso exclusivo do transporte público urbano e, polo tanto, nas paradas de Bus e zonas reservadas para taxi.
- 14).— Nos carrís destinados ao uso exclusivo de transporte público urbano (bus-taxi).
- 15).— Nas zonas sinalizadas para uso exclusivo de discapacitados.
- 16).— En sentido contrario ao da circulación

CAPÍTULO 2.—ESTACIONAMENTOS

ARTIGO 45.—NORMAS XERAIS

- 1).— Terá a consideración de estacionamento toda inmovilización dun vehículo que non sexa parada, sempre que a mesma non sexa motivada por imperativos da circulación ou a mesma fose ordenada polos axentes da Policía Local.
- 2).— Denomínase estacionamento en liña, fila ou cordón aquel no que os vehículos se sitúan un detrás doutro, paralelamente á beirarrúa
- 3).— Denomínase estacionamento en batería aquel no que os vehículos se sitúan de forma perpendicular á beirarrúa, un ao lateral do outro.
- 4).— Denomínase estacionamento en semibatería, aquel no que os vehículos se sitúan de forma oblicua á beirarrúa, un ao lateral do outro.
- 4).— Nas vías de dobre sentido de circulación, o estacionamento, cando non estivese prohibido, efectuarase no lado dereito do sentido de marcha.
- 5).— Nas vías dun só sentido de circulación, e sempre que non houbese sinalización en contrario, o estacionamento efectuarase a ambos os dous lados da calzada, sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior á dun carril de 3 metros.
- 6).— Salvo sinalización en contrario, o estacionamento efectuarase en liña, fila ou cordón.

7).—O estacionamento deberá realizarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do mesmo e que a distancia co bordo da calzada non sexa superior a 20 centímetros.

8).—Cando o espazo destinado a estacionamento estea delimitado no pavimento, deberá estacionarse dentro da área marcada. Igualmente, os estacionamentos efectuaranse de forma que permita a execución das manobras de entrada e saída e permita a mellor utilización do espazo restante para outros usuarios.

9).—En todo caso, os condutores deberán estacionar o seu vehículo de forma que nin poida poñerse en marcha espontaneamente nin o poidan mover outras persoas. A tal obxecto deberán tomar as precaucións pertinentes. Os condutores serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do vehículo por causa dalgunha das circunstancias que se mencionaron, a non ser que o desprazamento do vehículo por acción de terceiros fose producido con violencia manifesta.

10).—Non poderán estacionar nas vías públicas os remolques separados do vehículo tractor que estea autorizado para desprazalos, os autobuses, caravanas, vehículos especiais (ben sexan agrícolas ou de obras e servizos), e os camións de MMA superior a 3.500 quilogramos, agás nas zonas expresamente autorizadas para tal efecto, así como os furgóns e demais vehículos voluminosos que, sen prexuízo da MMA, oculten as fachadas de edificios ou poidan facilitar o escalada ao interior dos mesmos.

11).—A autoridade municipal poderá fixar zonas na vía pública para estacionamento ou para utilización como paradas en liña de autobuses tanto de servizo urbano como interurbano, e para vehículos de transporte de mercancías con limitacións de MMA.

ARTIGO 46.—PROHIBICIÓNS

Queda absolutamente prohibido o estacionamento nas seguintes circunstancias:

- 1).—Nos lugares onde o prohiban os sinais correspondentes.
- 2).—En todos os casos descritos no artigo 45 e nos que estea prohibida a parada.
- 3).—Onde obrigue aos outros condutores a facer manobras antirregulamentarias.
- 4).—Cando se efectúe en dobre fila sen condutor, tanto se o que hai en primeira fila é un vehículo, como se é un colector ou elemento de protección ou de outro tipo.
- 5).—En plena calzada. Entenderase que un vehículo está en plena calzada sempre que non estea xunto á beirarrúa, conforme determina o artigo 44.2 desta ordenanza.
- 6).—Naquelas rúas onde a calzada só permita o paso dunha columna de vehículos.
- 7).—Nas rúas de dobre sentido de circulación nas que o ancho da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.
- 8).—Nos lugares que impidan a retirada ou baleirado de colectores.
- 9).—Cando se impida a incorporación á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.
- 10).—Sobre as beirarrúas, plataformas, refuxios, paseos, xardíns, vías peonís, pasos de peóns e de ciclista e zonas sinalizadas con franxas no pavimento, tanto se é parcial como total a ocupación.
- 11).—Ao lado de rebaixes para o paso de diminuídos físicos e zonas sinalizadas con franxas transversais no pavimento.
- 12).—En zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías.
- 13).—Cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmobile de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente.
- 14).—Nun mesmo lugar por máis de 15 días consecutivos e de forma continuada, salvo forza maior xustificada.
- 15).—Fóra dos límites dos perímetros das prazas de estacionamentos sinalizados.

16).—Nas rúas sen beirarrúas a menos de 1 m. das fachadas de edificacións ou muros de cerre (de acordo co disposto no art. 44.3 desta mesma ordenanza)

17).—Nas zonas que, eventualmente vaian ser ocupadas por actividades autorizadas, tales como a feira dos martes e sábados ou outras de carácter extraordinario, procesións, desfiles, probas deportivas etc., así como naquelas que deban ser obxecto de reparación, sinalización ou limpeza. Nestes supostos darase publicidade á prohibición polos medios de difusión oportunos, ou mediante a colocación de avisos nos parabrisas dos vehículos estacionados, e, en todo caso dos correspondentes sinais. Esta publicidade efectuarase cunha antelación de 48 horas, excluindo casos de xustificada urxencia.

18).—Nas zonas eventualmente prohibidas, sinalizadas con elementos móbiles como reserva temporal de espazo, sempre que o devandito estacionamento se realizara con posterioridade á colocación dos mencionados sinais.

19).—Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como estacionamento limitado, en tempo, sen colocar de forma visible o distintivo que o autoriza; cando non se indique correctamente a hora de chegada; cando se supere o límite horario indicado no distintivo e nos demais casos recollidos no artigo 51 desta ordenanza.

20).—Nos espazos expresamente reservados a servizos de urxencia e seguridade.

21).—Ter estacionado o vehículo de forma permanente na vía pública, durante máis de tres días, en circunstancias que permitan presumir racionalmente que se efectúa unha publicidade destinada á venda do mesmo, ou con fins fundamentalmente publicitarios, ou desde o cal se proceda a efectuar actividades ilícitas, tales como venda ambulante non autorizada.

22).—Para a reparación non puntual de vehículos na vía pública.

23).—O estacionamento de caravanas, autocaravanas ou similares que se pretendan utilizar como lugar habitable con certa vocación de permanencia, durante máis de tres días, por canto impide a libre ocupación temporal dese espazo dun modo rotativo por outros eventuais usuarios, e dificulta a equitativa distribución de aparcamentos.

22).—Vehículos dados de baixa para a circulación, no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico

ARTIGO 47

Se polo incumprimento do apartado 14 do artigo 47 desta ordenanza, un vehículo resulta afectado por un cambio de ordenación do tráfico no lugar onde se atopa, cambio de sentido ou de autorización de aparcamento, de forma definitiva ou eventual, que comporte incluso o traslado do vehículo para o depósito municipal, o seu titular será responsable da nova infracción cometida, transcorridos 8 días dende o cambio, ou o anuncio deste cos correspondentes sinais e a publicidade prevista no artigo 47.17).

ARTIGO 48.—ESTACIONAMENTO DE CICLOS,CICLOMOTORES E ANÁLOGOS.

O estacionamento de vehículos de dúas rodas, xa sexan motocicletas, ciclomotores ou bicicletas, realizarase da seguinte forma:

1).—Sempre que existan estacionamentos especiais, utilizaranse, estacionando en semibatería ou batería.

2).—Se non existiran, sempre que estea permitido o estacionamento, poderán estacionar na calzada, en semibatería e ocupando un ancho máximo de un metro e medio.

3).—Cando non sexa posible o estacionamento nos espazos previstos nos apartados anteriores, poderán estacionar nas beirarrúas de máis de 4 metros de ancho nas seguintes condicións:

a) Paralelamente ao bordo, o máis próximo ao mesmo.

b) A máis de 2 metros dos límites dun paso de peóns ou dunha parada de transporte público.

c) Sempre que os ancoraxes do vehículo non se realicen nas árbores ou outros elementos vexetais.

- d) O acceso ás beirarrúas realizarase con dilixencia. Só se poderá utilizar a forza do motor para salvar o desnivel da beirarrúa, e que o condutor non ocupe o asento.
- e) Os estacionamentos de motocicletas e ciclomotores de máis de dúas rodas rexeranse polas normas xerais de estacionamento previstas nesta ordenanza.
- 4).— Cando se estacione unha motocicleta ou ciclomotor entre outros vehículos, farase de forma que non impida o acceso a estes últimos ou a súa posta en circulación.
- 5).— Salvo nos lugares habilitados para eles, os vehículos de dúas rodas non poderán estacionar en Zona Azul.
- 6).— Queda prohibido o estacionamento destes vehículos de forma que queden encadeados ou atados entre si, ou a calquera outro elemento urbano non destinado a tal fin, ou causen molestias aos demais usuarios da vía.

TÍTULO V ZONA AZUL

ARTIGO 49

1).— Co fin de facer compatible a equitativa distribución dos estacionamentos entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, dispoñeráse de zonas de estacionamento regulado, con horario limitado, denominadas como Zona Azul, para acadar o acceso igualitario e limitado de todos os condutores ao aparcamento nas zonas onde este é especialmente escaso.

2).— As rúas, prazas, etc., onde se aplique o estacionamento limitado, Zona Azul, estará regulado polo correspondente Bando da Alcaldía, que constituirá un anexo a esta ordenanza.

3).— Os estacionamentos regulados e con horario limitado, que existirán naquelas rúas e zonas habilitadas e sinalizadas para iso, que en todo caso deberán de coexistir cos de libre utilización, someterase ás seguintes determinacións:

a).— O estacionamento efectuarase mediante distintivo comprobante horario, que indicará a hora do estacionamento.

b).— O condutor do vehículo está obrigado a colocar o comprobante horario no lugar da parte interna do parabrisas que permita totalmente a súa visibilidade desde o exterior.

c).— O período máximo de permanencia dun vehículo en Zona Azul será de unha hora, ou no seu caso non poderá superar o límite horario indicado no comprobante.

d).— Quedan excluídos desta limitación, os vehículos da policía, bombeiros, ambulancias e médicos en servizo de urxencia, así como os vehículos que transporten persoas con discapacidade, cando estean debidamente acreditados.

e).— Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá de abandonar o aparcamento, e non poderá volver a estacionar na mesma rúa ou praza, ata transcorrida 1 hora.

f).— O horario de limitación comprenderá de 09,00 a 14,00 e de 16,00 a 20,00 horas, agás os domingos e festivos e a tarde dos sábados, que non haberá limitación.

g).— Despois de sinalar a hora de chegada no comprobante horario, non se poderá variar ata que o vehículo abandone o estacionamento en Zona Azul.

h).— Non poderán estacionar en Zona Azul os vehículos de dúas ou tres rodas, quads, cuadríciclos e, en xeral todos os que non contén con estrutura de autoprotección e estean dotados de cinto de seguridade.

ARTIGO 50

Constituirán infraccións específicas desta modalidade de estacionamento:

- 1).— A falta de comprobante horario ou que este non estea perfectamente visible.

- 2).— Non indicar correctamente a hora de chegada no comprobante horario.
- 3).— Superar o límite horario indicado no comprobante.
- 4).— Modificar a hora de chegada despois do estacionamento.
- 5).— Estacionar de novo o vehículo na mesma rúa ou praza, antes de transcorrer 1 hora contada desde a hora de saída.
- 6).— Ocupar dúas prazas de estacionamento, ou non axustarse ao espazo marcado para o vehículo.

TÍTULO VI

TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E PERSOAL SANITARIO

CAPÍTULO 1.—TARXETAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

ARTIGO 51

1).— A tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, é un documento público que permite ao seu titular, dentro das vías públicas nas que se aplica esta ordenanza, as seguintes operacións de estacionamento e detención:

- a) Estacionar nas reservas especiais creadas para persoas con discapacidade.
- b) Estacionar os seus vehículos sen ningunha limitación de tempo, e sen a obriga de colocar disco comprobante nos estacionamentos con limitación horaria (Zona Azul) regulados e con horario limitado.
- c) Se non existira ningún tipo de zona reservada, para a utilización xeral de discapacitados físicos, preto do punto de destino do titular da tarxeta, a Policía Local permitirá o estacionamento naqueles lugares prohibidos, sempre que o estacionamento non incorra en ningunha das causas de retirada do vehículo, que prevé esta ordenanza.

2).— A tarxeta deberá levarse no interior do vehículo de tal forma que sexa totalmente visible dende o exterior polo parabrisas deste.

3).— Será sancionado quen utilice unha tarxeta para discapacitados sen ser o seu titular ou representante, ou no caso que esta estea caducada.

4).— O uso indebido da tarxeta, de maneira reiterada, será sancionado coa suspensión da tarxeta, de acordo co disposto no artigo 27.4 da Lei 8/97 do Parlamento de Galicia.

5).— O uso dunha fotocopia ou réplica por calquera medio da tarxeta, será motivo de infracción e pode constituír un delito de falsidade en documento público.

CAPÍTULO 2.—TARXETAS PARA PERSOAL SANITARIO

ARTIGO 52

A tarxeta para persoal sanitario é un documento público, que ten como obxecto identificar a vehículos de sanitarios en asistencia domiciliaria de carácter urxente.

Poderán ser titulares destas tarxetas de aparcamento para o persoal sanitario, aquelas persoas que poidan acreditar os seguintes extremos:

- a) Ser titulado sanitario
- b) Ter consulta, ou o centro de traballo en Vilagarcía de Arousa.
- c) Acreditación do centro, ou declaración xurada, de que presta servizos de asistencia domiciliaria neste municipio.

ARTIGO 53

Só se outorgará unha tarxeta por persoa, que terá unha validez máxima de 5 anos, ao cabo dos cales haberá que proceder á súa renovación.

ARTIGO 54

1).—As tarxetas para persoal sanitario serán solicitados mediante instancia dirixida ó/á Ilmo/a. Sr/a. Alcalde/sa-Presidente/a, na que fagan constar os datos persoais e as acreditacións ás que se fai referencia no artigo 54 desta ordenanza.

2).—A Alcaldía, ou a Xunta de Goberno Local, no seu caso, á vista desta solicitude e despois dos informes que considere convenientes, aprobará a súa expedición, se procede.

3).—A Secretaria comunicará á Policía Local a aprobación, e esta expedirá a tarxeta (modelo que se describe no anexo), que recollerá o seu titular e se incluírá no rexistro correspondente.

ARTIGO 55

1).—As tarxetas, ás que fai referencia este capítulo, só serán utilizados cando o seu titular estea prestando servizo a domicilio con carácter urxente.

2).—Os titulares destas tarxetas, poderán estacionar os vehículos nas zonas de estacionamento regulado e con horario limitado sen limitación de tempo, cando se estea prestando un servizo de carácter urxente.

3).—A Policía Local permitirá o estacionamento dos vehículos identificados coa tarxeta para persoal sanitario, naqueles lugares de estacionamento prohibido onde non se incorra nalgunha das causas de retirada do vehículo que prevé esta ordenanza.

4).—Será sancionado quen utilice unha tarxeta para persoal sanitario sen ser o seu titular, ou para fins distintos dos descritos neste artigo.

5).—O titular da tarxeta informará no momento de ser requirido por un axente da Policía Local do domicilio visitado e o nome do enfermo.

TÍTULO VII**RESERVAS PARA O ESTACIONAMENTO NA VÍA PÚBLICA****CAPÍTULO 1.—RESERVAS PERMANENTES****ARTIGO 56**

Enténdese por reservas permanentes de estacionamento, aquelas que permiten o uso privativo do estacionamento en vía pública por persoas, entidades ou colectividade. Deberán contar coa aprobación da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local, no seu caso, despois do informe da Policía Local.

ARTIGO 57

As reservas permanentes de estacionamento poden ser:

- 1).—Para paradas de transporte público de viaxeiros.
- 2).—Para carga e descarga, de carácter particular.
- 3).—Para carga e descarga, de carácter xeral.
- 4).—Para estacionamento de servizos ou entidades públicas.
- 5).—Para persoas con discapacidade, de carácter xeral.
- 6).—Por razóns de seguridade pública.
- 7).—Para servizos de hoteis

8).—Para vaos de acceso de vehículos a propiedades.

O acordo de creación ou concesión da reserva de estacionamento conterá, en cada caso, as condicións do seu uso.

ARTIGO 58. PARADAS DE TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS

1).—A Administración municipal determinará os lugares onde deberán situarse as paradas de transporte público de viaxeiros.

2).—Non se poderá permanecer nestas máis tempo que o necesario para recoller ou deixar viaxeiros, agás as sinalizadas como orixe ou final de liña.

3).—Nas paradas de transporte público destinadas aos servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros, estes vehículos poderán permanecer unicamente á espera de pasaxeiros.

4).—Procurarase que o número de vehículos autorizados non sexa superior á capacidade das paradas sinalizadas.

5).—Non se efectuarán paradas ou estacionamentos de transporte público en lugar distinto dos autorizados, ou fóra do espazo limitado para os mesmos, agás no caso dos vehículos de transporte urbano en automóbiles lixeiros para deixar viaxeiros, sempre que non obstaculicen a circulación.

6).—A desobediencia ao establecido nos puntos 2 e 5 constituirá unha infracción, que será considerada grave se causa obstrución ou risco para a circulación de vehículos ou peóns, ou impida o funcionamento dalgún servizo público.

ARTIGO 59. RESERVAS DE CARÁCTER PARTICULAR

1).—As reservas de carácter particular recollidas nos apartados 2) e 4) do artigo 59, serán solicitadas polas persoas físicas ou xurídicas, ou entidades que pretendan o aproveitamento particular do dominio público e estarán suxeitas a prezo público de acordo coa ordenanza fiscal correspondente. Na solicitude farase constar o uso que se pretenda, e se esta fora para determinados vehículos, as matrículas destes e os datos dos titulares, a duración e o carácter temporal dos mesmos, situación e medidas.

2).—Estas solicitudes serán informadas pola Policía Local, e os departamentos técnicos que se consideren convenientes, segundo o caso.

3).—Esta reservas terán sempre carácter temporal. A súa autorización deberá renovarse anualmente, en todo caso, o concello poderá suspender a autorización en calquera momento, por razóns de interese xeral.

4).—Nos casos de reservas para determinados usuarios, expediranse tarxetas, de acordo cos modelos sinalados no anexo correspondente, coa finalidade de identificar os usuarios autorizados. Esta tarxeta non ten outra finalidade que a identificación dos automóbiles de cada reserva e non autorizan estacionamentos en lugares distintos dos da reserva para a que son solicitados.

5).—A tarxeta sinalada deberá levarse no interior do vehículo de tal forma que sexa visible dende o exterior polo parabrisas deste. Será exhibida polo condutor do vehículo aos axentes encargados da vixilancia do tráfico cando sexa requirido para iso.

6).—O uso indebido de forma reiterada da tarxeta, será causa de suspensión da mesma.

7).—As reservas de estacionamento autorizadas pola Alcaldía por solicitude dalgún interesado poderán ser dadas de baixa a petición do solicitante, en cuxo caso será necesario que polo interesado se retire e borre a sinalización correspondente.

8).—Estas reservas son de carácter excepcional e realizaranse sempre baixo o principio de necesidade pública.

ARTIGO 60. RESERVAS DE CARGA E DESCARGA, DE CARÁCTER XERAL.

1).—A Alcaldía, ou a Xunta de Goberno Local, no seu caso, poderá outorgar nas rúas do concello zonas reservadas, para que os vehículos destinados ao transporte de mercadorías poidan efectuar a carga e descarga.

2).—As zonas reservadas sinalizaranse tanto vertical como horizontal cos sinais homologados polas normas vixentes en materia de tráfico, que se recollerán como anexo a esta ordenanza.

3).—Nas rúas peonís, non se autorizarán reservas permanentes de carga e descarga.

4).—As reservas de carga e descarga permanentes de carácter xeral estarán sometidas a réxime de limitación de horario, que se fixará con carácter xeral de 7,00 a 12,00 horas e de 15,00 a 18,00 horas de luns a sábados, agás festivos.

5).—Atendendo a circunstancias de situación, actividade, proximidade doutras zonas reservadas ou frecuencia de uso, poderán establecerse variantes ao mencionado réxime xeral do horario, que serán acordadas pola Alcaldía ou Xunta de Goberno Local, por solicitude dos interesados ou por informe do servizo municipal competente.

6).—Tanto o emprazamento das reservas de carga e descarga de carácter xeral, como os seus horarios, determinaranse a través de Bando da Alcaldía.

7).—Teñen consideración de vehículos autorizados para o uso das reservas de carga e descarga, aqueles que estiveran autorizados para o transporte de mercadorías e con esa definición sexan clasificados no permiso de circulación, ou posúan a Tarxeta de Transportes, sempre que non excedan de 12.000 kg. de Masa Máxima Autorizada.

8).—As reservas permanentes de carga e descarga teñen carácter de utilización colectiva e para favorecer a rotación no uso, non poderán ser ocupadas por tempo superior a 20 minutos.

9).—As zonas reservadas para carga e descarga non poderán ser utilizadas por

turismos, motocicletas e ciclomotores. Excepcionalmente, e sempre que non dificulten o estacionamento dos vehículos autorizados e que o condutor non abandone o vehículo, estas reservas tamén poderán ser utilizadas por turismos e similares, para cargar ou descargar aparellos ou outros obxectos, sempre que as devanditas operacións non excedan de 10 minutos.

10).—Aqueles operacións que consistan en mudanzas de mobles e descargas de carburantes ou combustibles para calefaccións, ou outras similares que excedan do tempo de 20 minutos, deberán facer unha reserva eventual de uso da vía pública.

ARTIGO 61. RESERVAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

1).—Nos aparcadoiros ou estacionamentos para persoas de mobilidade reducida estarase ás disposicións que ao respecto establece a Lei de accesibilidade e supresión de barreiras da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve.

2).—A sinalización das prazas de estacionamento accesibles realizarase mediante sinalización horizontal e vertical, tal e como se recolle no Anexo correspondente desta ordenanza.

3).—O uso das prazas de aparcadoiro sinalizadas como aparcadoiro para persoas de mobilidade reducida estará restrinxido a aqueles vehículos que presenten a tarxeta acreditativa, para persoas con discapacidade.

4).—Reservarase un espazo de estacionamento para discapacitados por cada 100 existentes nas zonas de estacionamento regulado, sobre todo naquelas zonas onde o estacionamento sexa escaso.

5).—As reservas de aparcamento en vía pública obxecto deste artigo non se fan con título privativo, é dicir, toda persoa que sexa titular dunha tarxeta para persoas con discapacidade, pode facer uso de calquera das zonas habilitadas para o efecto, en calquera vehículo no que se desprace.

6).—Está prohibida a parada e o estacionamento nas zonas sinalizadas como reserva para vehículos de persoas con discapacidade, ás persoas que non acrediten a devandita condición, podendo efectuarse a retirada do vehículo infractor.

ARTIGO 62. RESERVAS DE SEGURIDADE PÚBLICA.

1).—Poderanse solicitar polos xefes das dependencias das Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade, e outras dependencias públicas que por motivos de seguridade, o requiran para protección de instalacións e persoas.

2).—Así mesmo poderanse solicitar por aquelas entidades privadas ou públicas nas que por razón de seguridade ante roubos, incendios, etc., se faga necesaria a prohibición absoluta de estacionamento en cumprimento da normativa vixente en materia de incendios, locais de espectáculos, etc., ou da recomendación das forzas policiais.

3).—Concederanse en caso de ser xulgadas convenientes pola Alcaldía-Presidencia tras informe da Policía Local.

4).—Sinalizaranse conforme ao anexo correspondente desta ordenanza.

5).—En caso de que no devandito lugar deban, excepcionalmente, deterse ou estacionar vehículos oficiais, de seguridade, ou persoal propio da administración, engadirase a indicación "agás vehículos autorizados", cuxa relación de matrículas e datos identificativos oportunos se deberá remitir á Policía Local para que esta confeccione as oportunas tarxetas identificativas, que deberán estar visibles nos parabrisas dianteiros dos vehículos. As mencionadas tarxetas terán validez anual, debendo ser renovadas no primeiro mes do ano.

6).—A instalación dos sinais será normalmente a cargo do solicitante, salvo decisión municipal de asumir o custo correspondente, en cuxo caso se instalarán polo Servizo Municipal de Obras.

ARTIGO 63. RESERVAS DE ESTACIONAMENTO PARA HOTEIS

1).—Este tipo de reservas solicitaranse polos propietarios ou directores de hoteis ante a Alcaldía, quen as concederá en caso de consideralas convenientes tras informe da Policía Local.

2).—Para a concesión da reserva, será requisito indispensable que exista un espazo axeitado a xuízo da Policía Local, nas proximidades da porta do hotel, e que ademais o hotel non conte con espazo interior dispoñible para este fin.

3).—Estas reservas utilizaranse exclusivamente para a parada prolongada ata un máximo de dez minutos dos vehículos que transporten viaxeiros ó ou dende o hotel, quedando prohibido nelas o estacionamento de vehículos por tempo superior.

4).—As reservas sinalizaranse a cargo dos solicitantes de forma xeral, conforme ó anexo correspondente desta ordenanza. Entenderase que o horario é permanente mesmo festivos.

5).—O solicitante deberá vixiar, cos seus propios medios, que o uso da reserva é exclusivo dos seus clientes. Excepcionalmente a reserva autoriza a que, se é preciso, o solicitante materialice o espazo reservado mediante conos, fitos ou balizas portátiles, que instalará ou retirará para garantir que o devandito espazo sexa utilizado polos vehículos aos cales está destinado.

ARTIGO 64. VAOS DE ACCESO DE VEHÍCULOS A PROPIEDADES.

1).—Enténdese por vao, a dispoñibilidade dunha porción da vía pública que permita o libre acceso de vehículos a prazas de aparcadoiro situadas fóra desta, cuxa obtención é preceptiva e previa ao uso daquela, como medio de acceso de vehículos á propiedade e identificada pola sinalización horizontal e vertical determinada polas normas de seguridade viaria e nesta ordenanza.

2).—Solicitaranse, tramitaranse e outorgaranse conxuntamente coa licenza de vao na forma prevista nas ordenanzas fiscais deste concello.

3).—Sinalizarase polos adxudicatarios da licenza por medio das placas de vao facilitadas polo concello, debendo complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, conforme ao anexo correspondente desta. Esta sinalización prohíbe o estacionamento de calquera vehículo no espazo acoutado por esta.

4).—Excepcionalmente, logo da solicitude dos titulares ou solicitantes dos vaos, poderase autorizar a colocación de fitos flexibles reflectores, de cor verde, situados no límite entre o estacionamento permitido, xa sexa en cordón ou en batería, e o espazo autorizado para o correspondente vao, de modo que a distancia entre os fitos non supere a anchura autorizada.

O titular da autorización será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso.

5).—O espazo será usualmente igual ao ancho da porta de acceso ao local, podendo ampliarse nos casos que se xustifique, co fin de permitir o raio de xiro necesario para o acceso dos vehículos. No suposto de que o vao sexa solicitado para locais destinados unicamente a aparcadoiro de motocicletas, poderá autorizarse con anchuras mínimas de 2 m.

6).—Non se permitirá a colocación de ramplas afectando á calzada ou a beirarrúa. No suposto de que o interesado necesite realizar obras para o rebaixe de beirarrúa e/ou bordo, deberá solicitar o correspondente permiso de obras.

7).—Os danos ocasionados nas beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos con ocasión do vao concedido, serán responsabilidade dos titulares, que están obrigados á reparalos por requirimento da autoridade competente e dentro do prazo que se outorgue. O incumprimento desta obriga dará lugar á execución forzosa nos termos regulados na Lei de procedemento administrativo.

8).—En determinados casos debidamente xustificados, a autorización de vao levará aparellada a prohibición do estacionamento na marxe contraria da rúa, coa finalidade de facilitar as manobras de entrada e saída.

9).—Cando se solicite a baixa ou anulación da licenza de entrada de vehículos de que se dispoña por deixar de usar o local como aparcamento, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, repoñer o bordo e a beirarrúa ó estado inicial e entregar a placa nos servizos municipais correspondentes.

Logo de que os servizos municipais comprobren o cumprimento dos requisitos correspondentes, procederase á concesión da baixa solicitada.

10).—No acordo da concesión do vao faranse constar os metros de vía pública dos que se disporá para permitir o libre acceso de vehículos.

CAPÍTULO 2.—RESERVAS DE ESPAZO E CORTES DE RÚA EVENTUÁIS

ARTIGO 65. RESERVAS DE ESPAZO EVENTUAIS

1).—Terán esta consideración, as ocupacións temporais do dominio publico, para o exercicio de actividades por persoas físicas ou xurídicas, que inciden no tráfico rodado ou peonil, por ocupar as beirarrúas ou á calzada, tanto a zona de estacionamento, como os carrís ou carril de circulación, sempre que na calzada queden libres, polo menos, un carril para cada sentido de circulación. Nas vías do rural será suficiente deixar libre o espazo necesario para o paso alternativo de vehículos en sentidos opostos, e dos peóns, que deberá ser regulado polo solicitante.

2).—En prol de garantir a maior seguridade posible dos peóns e vehículos e permitir o

desenvolvemento dos seus labores a aqueles que precisen a actuación sobre bens de dominio público, régulanse as reservas de espazo eventuais nas vías públicas: autorizacións, duración, sinalización, medidas de seguridade a adoptar e infraccións e sancións.

3).— Calquera persoa física ou xurídica que precise ou necesite unha reserva de espazo en calquera das rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa, necesitará unha autorización expedida para o efecto, ao resultar beneficiario dunha utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público. A autorización concedida só terá validez para as datas, horario e vía ou vías indicadas expresamente nesta. No suposto de precisar distintas reservas de espazo, nun mesmo lugar e en períodos prolongados de tempo, poderá solicitarse unha única autorización. Esta non será válida se, previamente, non se aboou a correspondente taxa fixada polo órgano competente de acordo ao establecido na correspondente ordenanza fiscal. Excepcionalmente, en caso xustificadas, o órgano competente poderá eximir do pago destas taxas. A devandita autorización e o xustificante do pagamento da taxa, se é o caso, encontraranse a disposición e deberán exhibirse ós axentes encargados da vixilancia do tráfico cando sexan requiridos para iso

4).— O Concelleiro/a Delegado/a de Seguridade do Concello de Vilagarcía de Arousa será quen conceda ou denegue as autorizacións de reservas de espazo na vía pública con incidencia ou repercusión no tráfico, tanto rodado coma peonil, así como a revogación ou suspensión temporal das mesmas, sen prexuízo das competencias da Policía Local para a sinalización e ordenación provisional do tráfico. Nestes casos, o silencio administrativo será considerado como positivo.

5).— As autorizacións solicitaranse, polo menos, con 7 días de antelación ó día en que se realice a reserva de espazo, debendo indicar o motivo ou a circunstancia pola cal se solicita e xustificar o devandito extremo mediante a oportuna licenza ou outro documento se é o caso.

Entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, no modelo que será facilitado pola administración municipal. Unha vez recepcionado polo órgano competente, e tras o seu estudo e avaliación procederase á súa concesión ou denegación, que deberá ser motivada.

Co fin de axilizar a xestión administrativa destas autorizacións, aquelas que teñan carácter de urxencia, poderán ser cursadas directamente nas dependencias da Policía Local, polo menos con 48 horas de antelación ó día da realización da reserva.

6).— O beneficiario dunha autorización para a realización dunha reserva de espazo deberá cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

- a) Sinalizar regulamentariamente a zona reservada autorizada de acordo ao previsto no catálogo oficial de sinais e lexislación vixente. Os devanditos sinais deberán instalarse en postes, trípodas, valos, barreiras ou calquera outro elemento que permita a súa visibilidade polos condutores dos vehículos, cunha antelación mínima de 24 horas, indicando expresamente o día e a hora da súa realización; salvo que por razóns de avaría ou urxencia se teña que reducir o devandito prazo. Os vehículos cuxos propietarios non puidesen ser localizados, serán trasladados pola grúa municipal ao lugar máis próximo de onde se encontraba, sen cargos, cando o vehículo estivese estacionado antes de realizar a sinalización. Precisarase sinalización luminosa durante a noite ou cando a visibilidade da vía se vexa reducida por condicións meteorolóxicas ou ambientais, a cargo do solicitante.
- b) A devandita reserva deberá comunicarse con antelación suficiente á súa realización aos axentes encargados da vixilancia do tráfico, debendo atender as súas indicacións ou solicitar, de estes, o asesoramento en canto á sinalización necesaria e oportuna. Naqueles casos nos que o solicitante precise que a reserva sexa sinalizada pola Policía Local, deberá solicitalo expresamente, podéndose fixar unha fianza económica polo préstamo do material necesario, de acordo coa correspondente ordenanza fiscal.
- c) Adoptar as medidas de protección que garantan a seguridade dos peóns e dos vehículos.
- d) Só se poderá ocupar a zona reservada con obxectos, aparellos ou elementos movibles, que permitan o seu traslado con total facilidade e sen demoras innecesarias ou inoportunas.
- e) Non poderá entorpecer a circulación do tráfico rodado e peonil. Cando se vexa obrigado a ocupar totalmente a beirarrúa ou zona destinada a peóns, impedindo a circulación destes, ou parte da calzada, deberá indicar tal extremo ao órgano competente con anterioridade ao outorgamento da autorización, e seguir as prescricións e indicacións que este efectúe ao

respecto. En todo caso acoutarase unha zona cunha anchura non inferior a 1 metro, para o paso dos peóns; esta zona estará pechada con barreiras, postes ou outros elementos de protección que garantan a súa seguridade.

- f) Ter en vigor, e a disposición dos axentes encargados da vixilancia do tráfico, póliza de seguro de cobertura de responsabilidade civil para garantir os posibles danos a persoas e bens.
- g) Se se causase deterioración ou danos no dominio público, o titular da autorización deberá correr cos gastos de reparación ou reconstrución da devandita deterioración ou danos.

Se non o fixese, a administración municipal procederá á execución forzosa, por si mesma ou encomendando a un terceiro, e os gastos ocasionados correrán de conta do titular da autorización. De non os aboar aplicarase, pola administración, o procedemento de prema sobre o patrimonio.

7).—Cando as circunstancias o requiran por situacións de emerxencia ou risco, ou realización de obras municipais urxentes, o/a Concelleiro/a de Seguridade, ou en caso de urxencia, a Policía Local. poderán proceder á suspensión temporal das devanditas autorizacións mediante os anuncios e notificacións que procedan.

8).—As autorizacións poderán ser revogadas polo órgano que as ditou, nos seguintes supostos:

- a) Por ser realizadas con fins distintos para os que foron outorgadas.
- b) Por ter desaparecido as causas ou circunstancias que deron lugar ao outorgamento.
- c) Por incumprir as condicións establecidas na autorización.
- d) Por non aboar a taxa correspondente.
- e) Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía.

9).—Realizar unha reserva de espazo sen autorización, ou incumprir as condicións establecidas no seu outorgamento, terán a consideración de falta moi grave.

10).—Nos casos en que por motivos de existir risco para os usuarios da vía, tales como caídas de elementos de fachadas ou outros similares, sexa necesario reservar un espazo público para a protección dos devanditos usuarios, os servizos municipais acoutarán a zona afectada. Con posterioridade requirirase á persoa responsable para a emenda. Se no prazo de 15 días fose necesario continuar acoutando o espazo público, esta reserva de espazo eventual xerará as taxas fixadas na ordenanza fiscal correspondente, con cargo ao devandito responsable.

ARTIGO 66. CORTES DA RÚA

1).—Os cortes de rúa para a realización de obras ou o establecemento de servizos, públicos, ou privados, celebración de eventos ou realización de actividades que xeren a necesidade de cortar ao tráfico rodado determinadas rúas, requirirán unha autorización expresa do concello. A mesma consideración terán os cortes de tráfico que afecten a un, ou varios carrís de circulación, cando os vehículos que circulan en sentidos opostos, deban facelo por un mesmo carril, agás nas vías do rural, conforme o disposto no artigo 67.1.

2).—Calquera persoa física, ou xurídica que precise ou necesite cortar ao tráfico rodado unha ou varias rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa precisará, dunha autorización expedida ao efecto, ao resultar beneficiario dunha utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público. A autorización concedida só terá validez para as datas, horario e vías indicadas expresamente nesta. Excepcionalmente, cando a situación o requira poderanse autorizar cortes de rúa en días festivos.

3).—No suposto de precisar distintos cortes de rúas, nun mesmo lugar e en períodos

prolongados de tempo, poderá solicitarse unha única autorización. A devandita autorización non será válida se, previamente, non se aboou a correspondente taxa fixada polo órgano competente de acordo ao establecido na correspondente ordenanza fiscal. Excepcionalmente, en caso xustificadas, o órgano competente poderá eximir do pago destas taxas. A devandita autorización e o xustificante do pagamento da taxa, se é o caso, encontraranse a disposición e deberán exhibirse os axentes encargados da vixilancia do tráfico cando sexan requiridos para iso.

Non precisará autorización a realización de actividades ou actuacións de emerxencia ou urxentes. Nos devanditos supostos os cortes de rúa serán revisados pola Policía Local, aos que se informará antes da realización dos mesmos ou da necesidade de levalos a cabo.

Se por causas non imputables ao solicitante non se realizase o corte de rúa solicitado, deberá comunicalo, con antelación á data establecida para a realización do corte, para proceder á suspensión da solicitude.

4).—O/A Concelleiro/a Delegado/a de Seguridade do Concello de Vilagarcía de Arousa, ou no seu caso, a Xunta de Goberno Local, será quen conceda ou denegue as autorizacións de cortes de rúas, así como a revogación ou suspensión destas, sen prexuízo das competencias da Policía Local para a sinalización e ordenación provisional do tráfico.

5).—As autorizacións solicitaranse, polo menos, con 10 días de antelación ó día en que se realice o corte da rúa, debendo indicar o motivo ou a circunstancia pola cal se solicita e xustificar o devandito extremo mediante a oportuna licenza ou outro documento se é o caso. Nos casos urxentes, por circunstancias debidamente xustificadas, poderán ser cursadas directamente nas dependencias da Policía Local, como mínimo con 48 horas de antelación ó día da realización do corte.

Entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, no modelo que será facilitado pola administración municipal. Unha vez recepcionado polo órgano competente, e tras o seu estudo e avaliación procederáse á súa concesión ou denegación, que deberá ser motivada.

6).—O beneficiario dunha autorización para a realización dun corte de rúa deberá cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

- a) Sinalizar regulamentariamente o corte da rúa, de acordo ao previsto no catálogo oficial de sinais e lexislación vixente. Os devanditos sinais deberán instalarse en postes, trípodas, valos, barreiras ou calquera outro elemento que permita a súa visibilidade polos condutores dos vehículos. No caso de que por motivo do corte deban circular por un mesmo carril, vehículos en sentidos opostos, será o beneficiario da autorización o encargado de regular o tráfico, dando paso alternativo aos vehículos, mediante persoal cualificado. Excepcionalmente poderase autorizar a regulación semafórica.

Precisarase sinalización luminosa nos supostos de cortes de rúas nocturnos ou cando a visibilidade da vía se vexa reducida por condicións ambientais ou outras causas.

- b) O devandito corte deberá comunicarse con antelación suficiente á súa realización á Policía Local, debendo atender as súas indicacións ou solicitar destes, o asesoramento en canto á sinalización necesaria e oportuna.
- c) Coidar do estado, limpeza, mantemento e conservación dos sinais, repoñéndoa, coa máxima urxencia en caso de que estas perdesen o seu significado, visibilidade ou correcta situación.
- d) Adoptar as medidas de protección que garantan a seguridade dos peóns e dos vehículos.
- e) Terá en vigor, e a disposición dos axentes encargados da vixilancia do tráfico, póliza de seguro de cobertura de responsabilidade civil para garantir os posibles danos a persoas e bens.
- f) Se se causase deterioración ou danos no dominio público, o titular da autorización deberá correr cos gastos de reparación ou reconstrución da devandita deterioración ou danos.

Se non o fixese, a administración municipal procederá á execución forzosa, por si mesma ou encomendando a un terceiro, e os gastos ocasionados correrán de conta do titular da autorización. De non os aboar aplicárase, pola administración, o procedemento de prema sobre o patrimonio.

7).—Cando as circunstancias o requiran por situacións de emerxencia ou risco, ou realización de obras municipais urxentes, o/a Concelleiro/a de Seguridade, ou en caso de urxencia, a Policía Local, poderán proceder á suspensión temporal da devandita autorización.

8).—As autorizacións poderán ser revogadas polo órgano que as ditou, nos seguintes supostos:

- a) Por ser realizadas con fins distintos para os que foron outorgadas.
- b) Por ter desaparecido as causas ou circunstancias que deron lugar ao outorgamento.

- c) Por incumprir as condicións establecidas na autorización.
- d) Por non aboar a taxa correspondente.
- e) Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía.

9).—Realizar un corte de rúa sen autorización, incumprir as condicións establecidas no seu outorgamento, ou non comunicar con antelación aos axentes encargados da vixilancia do tráfico a realización do corte de rúa, terá a consideración de falta moi grave.

TÍTULO VIII CARGA E DESCARGA

CAPÍTULO 1.—NORMAS XERAIS

ARTIGO 67

1. Enténdese por carga e descarga na vía pública, para os efectos do previsto neste Título, as operacións que consistan en cargar ou descargar mercadorías, cos vehículos definidos no artigo 62.7) desta ordenanza.
2. As operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías públicas incluídas no artigo 3 desta ordenanza, levaranse para efecto de conformidade coas disposicións reguladoras da materia contidas na Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e

Seguridade Viaria e as súas normas de desenvolvemento e demais normativa específica aplicable, con estrita observancia das normas seguintes:

- a) A carga e descarga de mercadorías deberá realizarse fóra da vía, no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas. A apertura dos locais desta clase que, pola súa superficie, finalidade e situación, se poida presumir racionalmente que realizarán habitualmente, ou con especial intensidade, operacións de carga e descarga, subordinarase a que os seus titulares reserven o espazo interior suficiente para desenvolver estas operacións.
- b) Os vehículos autorizados para carga e descarga, estacionarán nas zonas reservadas expresamente para este tipo de actividades regulamentariamente sinalizadas e nos horarios que nelas figuren, que con carácter xeral se regulan no artigo 62.4.
- c) De non existir reservas sinalizadas nunha distancia de 50 metros, do inmovible do orixe ou destino da mercancía, estas actividades realizaranse situando o vehículo, xunto ao bordo da beirarrúa ou en lugares onde non se produza perturbación na circulación e, en ningún caso, a interrupción desta.
- d) As mercadorías cargaranse e descargarán polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da beirarrúa utilizando os medios necesarios para axilizar a operación sen dificultar a circulación de vehículos ou de persoas.
- e) A carga e descarga efectuarase co motor do vehículo apagado e co máximo coidado, procurando evitar ruídos e calquera outra molestia aos veciños, aos peóns ou a outros usuarios da vía. En todo caso respectaranse os límites establecidos na ordenanza sobre ruídos e vibracións. Salvo autorización expresa, non se poderán realizar operacións de carga e descarga entre as 00:00 horas da madrugada e as 07:00 horas da mañá.
- f) As operacións de carga e descarga efectuaranse polo persoal suficiente e utilizando os medios necesarios para axilizar e conseguir a máxima celeridade destas, tanto cando se realicen nun lugar da vía pública especialmente reservado para estas actividades como cando se realicen fóra delas. En todo caso, estas operacións non poderán exceder de 20 minutos.
- g) As mercadorías e demais materiais que sexan obxecto de carga e descarga non se deixarán sobre a calzada ou a beirarrúa, debendo trasladarse directamente do vehículo ao inmovible ou viceversa, permitíndose o uso de carretillas transportadoras de tracción manual e superficie inferior a un metro cadrado.

- h) Cando se trate de mudanzas, ou outras operacións que requiran elevar os materiais ou mobiliario mediante aparatos especiais, deberán contar estes polo menos coas autorizacións, certificacións, e requisitos esenciais de seguridade descritos na lexislación vixente, así como cos permisos e garantías correspondentes de Industria dos organismos competentes, debendo adoptar os titulares as normas de seguridade necesarias para evitar toda clase de accidentes tanto na ancoraxe do aparato ao chan e paredes, como no despregamento da escaleira, elevación e transporte da carga, protección da posible caída dos materiais, sinalización e canalización do tráfico de vehículos e peóns, para que en ningún caso estes transiten debaixo da carga elevada ou no radio de acción da posible caída dos mesmos, ademais de proverse do permiso municipal correspondente e seguros que a actividade requira.

CAPÍTULO 2.—CARGA E DESCARGA EN ZONAS PEONÍS

ARTIGO 68

1. As operacións de carga e descarga nas illas de peóns e demais vías e rúas peonís, estarán limitadas as seguintes condicións:
 - a. A Masa Máxima Autorizada dos vehículos non poderá exceder de 3.500 quilogramos.
 - b. O horario de utilización será con carácter xeral de 07:00 a 11:00 e de 15:00 a 18:00 horas, de luns a venres, e de 07:00 a 11:00 horas os sábados.
 - c. O tempo máximo para estas operacións será de 20 minutos.
2. Por Bando da Alcaldía, poderanse establecer restricións das medidas dos vehículos para determinadas rúas.
3. En casos excepcionais poderase autorizar pola Alcaldía, ou Xunta de Goberno Local, no seu caso, previa solicitude dos interesados, a entrada de vehículos que excedan do peso e dimensións establecidas para cada rúa, así como a entrada en horario distinto ou a ampliación do tempo para estas operacións.
4. As solicitudes ás que se refire o parágrafo anterior, deberanse presentar no Rexistro de Entrada do Concello de Vilagarcía de Arousa, e serán informadas pola Policía Local, e no caso de pesos e dimensións, polos técnicos correspondentes do servizo de urbanismo, que poderán determinar a prestación dunha fianza.
5. Se se causase deterioración ou danos no dominio público, o titular da autorización deberá correr cos gastos de reparación ou reconstrución da devandita deterioración ou danos.

Se non o fíxese, a administración municipal procederá á execución forzosa, por si mesma ou encomendando a un terceiro, e os gastos ocasionados correrán de conta do titular da autorización. De non os aboar aplicárase, pola administración, o procedemento de prema sobre o patrimonio.

TÍTULO IX

INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO 1.—INMOBILIZACIÓN

ARTIGO 69

1. Os axentes da Policía Local de Vilagarcía de Arousa poderán proceder, como consecuencia de presuntas infraccións ao disposto nesta ordenanza ou normas de aplicación subsidiaria, á inmovilización do vehículo cando:
 - a. O vehículo careza de autorización administrativa para circular, ben por non a obter ou porque fose obxecto de anulación, declarada a súa perda de vixencia.
 - b. O vehículo presente deficiencias que constitúan un risco especialmente grave para a seguridade viaria.

- c. O condutor ou o pasaxeiro non fagan uso do casco de protección, nos casos en que fose obrigatorio.
- d. Teña lugar a negativa a efectuar as probas de detección ás que se refire a Lei de Tráfico e Seguridade Viaria, ou que estas boten un resultado positivo.
- e. O vehículo careza de seguro obrigatorio.
- f. Se observe un exceso nos tempos de condución ou unha minoración nos tempos de descanso que sexan superiores ao 50% dos tempos establecidos regulamentariamente, salvo que o condutor sexa substituído por outro.
- g. Se produza unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.
- h. O vehículo supere os niveis de gases, fumes e ruído permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo.
- i. Existan indicios racionais que poñan de manifesto a posible manipulación nos instrumentos de control.
- j. Se detecte que o vehículo está dotado de mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes de tráfico e dos medios de control a través de captación de imaxes.
- k. Por unha infracción aos preceptos da lexislación sobre tráfico, o seu autor non acredite a súa residencia legal en territorio español e non depositase o importe fixado provisionalmente polo axente denunciante.

A inmovilización levantarase no momento en que cese a causa que a motivou.

Nos supostos previstos no apartado 1, parágrafos h), i) e j), a inmovilización só se levantará no suposto de que, trasladado o vehículo a un taller, se certifique por aquel a desaparición do sistema ou manipulación detectada ou xa non se superen os niveis permitidos.

2. No suposto recollido no apartado 1, parágrafo e), estarase ao disposto no texto refundido da Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na Circulación Viaria, aprobado por Real Decreto Lexislativo 8/2004, do 29 de outubro.
3. A inmovilización do vehículo producirase no lugar sinalado polos axentes da autoridade. Para estes efectos, o axente poderá indicar ó condutor do vehículo que continúe circulando ata o lugar designado.
4. A inmovilización levarase a efecto no lugar máis apropiado da vía pública, ou cando por seguridade conveña, no Depósito Municipal, e non se levantará ata que queden corrixidas as deficiencias que a motivaron ou se proceda á retirada do vehículo nas condicións que a autoridade competente determine.
5. Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do condutor que cometeu a infracción. No seu defecto, serán por conta do condutor habitual ou do arrendatario e, a falta destes, do titular. Os gastos deberán ser aboados como requisito previo a levantar a medida de inmovilización, sen prexuízo do correspondente dereito de defensa e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable que dese lugar a que a administración adopte a devandita medida.
6. Nos supostos previstos no apartado 1, parágrafos h), i) e j), os gastos da inspección correrán de conta do denunciado, se se acredita a infracción

CAPÍTULO 2.—RETIRADA

ARTIGO 70

A Policía Local, por delegación da autoridade poderá proceder, se o obrigado a efectualo non o fixera, á retirada do vehículo da vía e os seus terreos adxacentes ou espazos públicos, e o seu traslado ao Depósito Municipal de vehículos, sempre que constitúa perigo ou cause grave problema á circulación de vehículos ou peóns ou ao funcionamento dalgún servizo público, ou deteriore algún servizo ou patrimonio público, especialmente nos seguintes supostos:

1. En caso de accidente que lle impida continuar a marcha.

2. Cando estivera inmovilizado por deficiencias do mesmo..
3. Cando, inmovilizado un vehículo, de acordo co que dispón o artigo 71,1-k), desta ordenanza, o infractor persistira na súa negativa a depositar ou garantir o pagamento do importe da multa, por calquera medio admitido en dereito.
4. Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non haxa lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas, ou non se puidese garantir a seguridade do vehículo.
5. Cando transcorridas 48 horas da inmovilización dun vehículo de acordo co disposto no artigo 51, non cesasen as causas que motivaron a inmovilización.
6. Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de aparcamento reservado para discapacitados físicos, sen colocar o distintivo que o autoriza.
7. Cando estacionado en Zona Azul non cumpra as normas que a regulan, nesta ordenanza.
8. Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.
9. Cando o vehículo se encontre estacionado en lugar prohibido nunha vía de circulación rápida ou de circulación moi densa, definida deste xeito no correspondente Bando anexo a esta ordenanza.
10. Cando estea estacionado en dobre fila sen condutor.
11. Cando sobresaia do vértice dun chafrán ou do extremo do ángulo dunha esquina e obrigue aos outros condutores a facer manobras con risco.
12. Cando estea estacionado nun paso de peóns sinalizado, no extremo dos bloques de vivendas destinados a paso de peóns ou nun rebaixe da beirarrúa para discapacitados físicos.
13. Cando estea estacionado nunha zona reservada para carga e descarga, durante as horas da súa utilización.
14. Cando estea estacionado nunha parada de transporte público sinalizada e delimitada.
15. Cando estea estacionado en lugares expresamente reservados a servizos de urxencia ou seguridade.
16. Cando estea estacionado diante das saídas de emerxencia de locais destinados a espectáculos públicos, durante as horas de celebración.
17. Cando estea estacionado total ou parcialmente sobre a beirarrúa, plataforma, refuxio, paseo, zona de precaución ou zona de franxas no pavimento, agás autorización expresa.
18. Cando impida o xiro ou obrigue a facer manobras antirreglamentarias.
19. Cando impida a visibilidade dos sinais de tráfico da vía a outros usuarios.
20. Cando obstaculice a utilización normal de paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente.
21. Cando estea estacionado en lugar prohibido en vía declarada de atención preferente ou baixo outra denominación de igual carácter, por Bando da Alcaldía e estea especificamente sinalizada.
22. Cando estea estacionado no medio da calzada.
23. Cando a distancia entre o vehículo e o borde oposto da calzada ou marca lonxitudinal sobre a mesma que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros, ou en calquera caso, cando non permita o paso de outros vehículos.
24. Cando impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.
25. Cando estea estacionado nunha illa de peóns fóra das horas permitidas, a non ser que estea expresamente autorizado.
26. Cando estea estacionado no itinerario ou espazo que teña que ser ocupado por unha comitiva, desfile, procesión, cabalgata, proba deportiva ou outra actividade de relevo, como é a feira dos martes e dos sábados, sempre que estean debidamente autorizados e sinalizados.

27. Cando sexa perturbada a tranquilidade pública polo abuso de alarmas ou outras emisións ou sinais acústicos que vulneren o disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
28. Cando estea estacionado entre os sinais de reserva eventual de espazo, sempre que o devandito estacionamento se realizara con posterioridade á colocación das mencionados sinais.
29. En todos os supostos do artigo 47 desta ordenanza, sempre que cause risco ou obstáculo á circulación de vehículos, peóns ou animais
30. En calquera outra circunstancia que legalmente se estableza.

ARTIGO 71

A Policía Local tamén poderá retirar os vehículos da vía pública, aínda que non estean en infracción, nos seguintes casos:

1. Cando estean estacionados nun lugar que haxa que ocupar para un acto público debidamente autorizado.
2. Cando resulte necesario para a limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.
3. Cando estean estacionados nun lugar que haxa de ser ocupado para un uso privativo debidamente autorizado.
4. En caso de emerxencia, calamidade ou catástrofe.
5. Estas circunstancias deberanse advertir co máximo tempo posible, e os vehículos serán conducidos ao lugar autorizado máis próximo que se poida, e se non houbera ningún, ao depósito. Os mencionados traslados non comportarán ningún tipo de gasto para o titular do vehículo, calquera que sexa o lugar onde sexa conducido o vehículo.

ARTIGO 72

Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada do vehículo e a súa estancia no Depósito Municipal, serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que deberá pagalos ou garantir o seu pagamento como requisito previo para a devolución do vehículo, conforme co establecido na ordenanza fiscal correspondentes; sen prexuízo do dereito que ten de interposición do correspondente recurso, e a posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, abandono do vehículo ou da infracción que dera lugar á retirada. O pago da taxa non exime do abono da sanción correspondente, no seu caso.

Por outra banda, a recuperación do vehículo, só poderá facela o titular ou persoa legalmente autorizada.

ARTIGO 73

A retirada do vehículo sería suspendida inmediatamente se o condutor comparecese antes de que o guindastre comezase a marcha co vehículo enganchado e adoptase as medidas necesarias para facer cesar a situación irregular na que se atopaba o vehículo, facendo efectivo, como requisito previo ao desenganche, o pago do 50% da taxa de retirada correspondente, que tamén procederá cando o guindastre se presentara no lugar, requirido polo axente da Policía Local para o caso concreto, e se dera comezo ás operacións de enganche do vehículo irregularmente estacionado.

TÍTULO X**TRATAMENTO RESIDUAL DO VEHÍCULO****ARTIGO 74**

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Policía Local, poderá ordenar o traslado do vehículo a un centro autorizado de tratamento de vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación:

- a. Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fose inmovilizado ou retirado da vía pública e depositado pola administración e o seu titular non formulase alegacións.
- b. Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.
- c. Cando recollido un vehículo como consecuencia de avaría ou accidente deste nun recinto privado o seu titular non o retirase no prazo de dous meses.

Con anterioridade á orde de traslado do vehículo requirirase ó seu titular advertíndolle que, de non proceder á súa retirada no prazo de un mes, procederáse ao seu traslado ao centro autorizado de tratamento.

2. No suposto previsto no apartado 1), parágrafo c), o propietario ou responsable do lugar ou recinto, solicitará da Xefatura Provincial de Tráfico autorización para o tratamento residual do vehículo. Para estes efectos deberá achegar a documentación que acredite solicitar ao titular do vehículo a retirada do seu recinto.
3. Naqueles casos en que se considere conveniente poderase acordar a substitución da destrución do vehículo pola súa adxudicación ao Parque Móbil do Concello de Vilagarcía de Arousa para servizos de vixilancia e control do tráfico.

TÍTULO XI

PROCEDIMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 75

1. As infraccións á presente ordenanza, serán denunciadas ben directamente pola Policía Local ou por calquera persoa, e seguirán o trámite administrativo de conformidade co disposto no Regulamento do Procedemento Sancionador en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado por Real Decreto 320/94 do 25 de Febreiro.
2. Todas as infraccións cometidas contra o disposto na ordenanza e os seus anexos consideraranse como que o son á Lei de Tráfico Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria (Real Decreto Lexislativo 339 do 2 de marzo de 1990) así como ao Regulamento Xeral de Circulación aprobado por Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, fixándose por Decreto de Alcaldía os tipos e contía destas, en consonancia da lexislación do Estado.
3. Todo iso sen prexuízo de esixir o pagamento dos correspondentes dereitos fixados nas tarifas dos regulamentos e ordenanzas fiscais pertinentes.
4. No mesmo sentido esixiranse as taxas correspondentes pola inmovilización, arrastre e estancia de vehículos nos depósitos municipais previstas na Ordenanza Fiscal Municipal nº 9.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Todos os anexos incorporados a esta ordenanza serán regulados a través de Bando da Alcaldía.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogada a anterior Ordenanza Municipal de Circulación, aprobada polo Pleno, en sesión celebrada o 25 de maio de 2006.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Vilagarcía de Arousa, a 30 de agosto de 2012. — O Alcalde, Tomás Javier Fole Díaz.

2012008393